



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 234
26 de novembro de 2021

Fascículo 2



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas parciais ou ao articulado ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

— Do G. P. Popular de Galicia, 39 emendas (doc. núm. 25083) [91181](#)

— Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, 12 emendas (doc. núm. 25075) [91209](#)

— Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 60 emendas (doc. núm. 25082) [91220](#)

■ Informe da Ponencia sobre o proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026 [91150](#)

1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

Aprobación por unanimidade sen modificacións

■ 9275 (11/PNC-000960)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da modificación da normativa sectorial en materia de costas [91175](#)

Rexeitamento das iniciativas

■ 15920 (11/PNC-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para soterrar a avenida de Beiramar en Vigo [91175](#)

■ 23663 (11/PNC-002224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o proxecto para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla [91175](#)



I 23870 (11/PNC-002237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza

[91176](#)**COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO****Aprobación por unanimidade sen modificacións****I 20858 (11/PNC-001982)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis
Sobre as xestións que deben realizar a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade para mellorar os servizos sanitarios no concello de Ponteareas e na comarca

[91176](#)**I 24317 (11/PNC-002273)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis
Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que se prorrogue o prazo de vivencia da rebaixa do imposto do valor engadido das máscaras cirúrxicas desbotables

[91176](#)**I 24463 (11/PNC-002288)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a ampliación dos programas de fomento da inserción laboral para vítimas de violencia de xénero e mulleres vulnerables

[91177](#)**Rexeitamento da iniciativa****I 15650 (11/PNC-001564)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla
Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega

[91177](#)**I 16256 (11/PNC-001635)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis
Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar a construción dunha residencia de maiores, de carácter público, en Boiro

[91178](#)**I 24042 (11/PNC-002248)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pérez Fernández, Rosana e tres deputados/as máis
Sobre a cobertura das ausencias no Servizo de Pediatría dos centros de saúde de Outes e Noia e da dotación a este último de persoal de enfermaría

[91178](#)

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

■ Resolución do 24 de novembro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocado por Acordo da Mesa do Parlamento de 2 de maio de 2019 [91178](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas parciais ou ao articulado ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na reunión do 25 de novembro de 2021, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas parciais ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 17 de novembro de 2021, que se indican a continuación.

Dentro do dito prazo, os grupos parlamentarios Popular de Galicia, do Bloque Nacionalista Galego e dos Socialistas de Galicia presentaron os documentos seguintes:

a) Documentos presentados polo G. P. Popular de Galicia:

Documento co número de rexistro 25083.

b) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego:

Documento co número de rexistro 25075.

c) Documentos presentados polo G. P. dos Socialistas de Galicia:

Documento co número de rexistro 25082.

A emenda 35, formulada polo Grupo Parlamentario Popular, pretende incorporar no proxecto de lei unha disposición adicional que prevé a regulación dun novo suposto de revisión do prezo nos contratos administrativos de obras concertados coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e coas entidades instrumentais do sector público autonómico, para o caso de que se producise unha alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais tidos en conta na formalización dos contratos de obra pública, coa finalidade de garantir a súa viabilidade económica. Exclúense os contratos menores de obra.

Os Servizos Xurídicos advirten de que esa regulación podería incidir na competencia exclusiva do Estado en materia de lexislación básica sobre os contratos e concesións administrativas (art. 149.1.18.º CE) porque o prezo e a súa revisión son aspectos básicos da contratación administrativa regulados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (arts. 102 e 103 en relación coa súa disposición derradeira primeira). Por maior abastanza, ao introducir unha singularidade na regulación xeral da contratación pública verbo dos contratos administrativos de obras e que só abarcaría o sector público da Comunidade Autónoma de Galicia, podería tamén afectar a unidade do mercado contractual público. Porén, esta dúbida sobre a súa compatibilidade co réxime xurídico de distribución de competencias entre o Estado e a Comunidade Autónoma de Galicia non debería ser un atranco formal para admitila a trámite.



Feita esta advertencia, a Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.4 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalos como emendas ao articulado do Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas co seguinte detalle:

- a) 39 emendas do G. P. Popular de Galicia (doc. núm. 25083).
- b) 12 emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 25075).
- c) 60 emendas do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 25082).

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Informe da Ponencia sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026

A Ponencia designada pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, para emitir informe sobre o Proxecto de lei do Plan galego de estatística 2022-2026, nas reunións e cos acordos que a continuación se indican, á vista do texto do proxecto e das emendas presentadas ao seu articulado, elaborou, para o seu debate perante o dito órgano, este

INFORME

1. Antecedentes

1.1. O proxecto de lei tivo entrada no Rexistro do Parlamento o 3 de setembro de 2021.

1.2. A Mesa do Parlamento, na reunión do 7 de setembro de 2021, dispuxo a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e a apertura do prazo de presentación de emendas.

Así mesmo, oída a Xunta de Portavoces, acordou a súa tramitación pola Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos.

1.3. Os grupos parlamentarios non presentaron emendas á totalidade.



Verbo das emendas parciais, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego presentou cincuenta e tres e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presentou corenta e catro emendas, que foron cualificadas o 18 de outubro de xuño de 2021.

2. Constitución, composición e reunións da Ponencia

2.1. Constitución e composición da Ponencia

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na sesión do día 29 de outubro de 2021, designou as seguintes e os seguintes ponentes:

— G. P. Popular de Galicia: Cristina Sanz Arias (titular) e Sandra Vázquez Domínguez (suplente).

— G. P. do Bloque Nacionalista Galego: Noa Presas Bergantiños (titular) e Ramón Fernández Alfonso (suplente).

— G. P. dos Socialistas de Galicia: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo (titular) e Juan Carlos Francisco Rivera (suplente).

2.2. Reunións da Ponencia

O días 19 e 23 de novembro de 2021 estudouse o texto articulado do proxecto e rematouse o informe.

3. Elaboración do informe

a) Emendas cuxa aceptación recomenda a Ponencia

A Ponencia recomenda a aceptación das emendas números 2, 3, 4, 7, 11 e 13 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e as números 3, 4, 6, 7, 8 e 33 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

b) Emendas transaccionais cuxa aceptación recomenda a Ponencia

A Ponencia recoméndalle á Comisión a aceptación das emendas transaccionais seguintes:

1) Emenda transaccional elaborada coas emendas número 1 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e número 2 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, consistente en engadirlle ao final do texto do artigo 4 o seguinte: «De ser o caso, e por petición do Parlamento, a persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística dará conta do dito informe mediante unha comparecencia específica.»

2) Emenda transaccional elaborada coa emenda número 19 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se incorpora no anexo II, área 1, sección 1.2 do proxecto de lei coa seguinte redacción:



«Sección 1.2. Medio ambiente

Climatoloxía

Calidade do aire

Reservas e usos das augas

Calidade e depuración de auga

Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe

Hábitos e prácticas ambientais».

3) Emenda transaccional elaborada coas emendas número 42 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e número 34 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que se incorpora no anexo II, área 2, sección 2.7. do proxecto de lei coa seguinte redacción:

«Sección 2.7. Vivenda

Demanda e acceso á vivenda

Parque de vivendas. Equipamento e características».

4) Emenda transaccional elaborada coa emenda número 35 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que se incorpora no anexo II, área 3, sección 3.1 do proxecto de lei coa seguinte redacción:

«Sección 3.1. Sector agrario

Superficies agrarias

Efectivos gandeiros

Maquinaria e outro capital agrario

Producións e rendementos vexetais

Sacrificio de gando e outras producións e rendementos animais

Produción ecolóxica e de calidade

Características das explotacións agrarias».

5) Emenda transaccional elaborada coa emenda número 44 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que se incorpora no anexo II, área 3, sección 3.2 do proxecto de lei coa seguinte redacción:

«Sección 3.2. Pesca e acuicultura

Buques pesqueiros

Acuicultura

Primeira venda de produtos pesqueiros

Características das unidades de produción

Ocupación no sector da pesca».

6) Emenda transaccional elaborada coa emenda número 38 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que se incorpora no anexo II, área 3, sección 3.6 do proxecto de lei coa seguinte redacción:



«Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado

Institucións sen fins de lucro

Ingresos tributarios e non tributarios

Recursos e gasto das administracións públicas galegas

Recursos e gasto na I+D+I».

7) Emenda transaccional elaborada coas emendas número 50 do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e número 39 do Grupo Parlamentario dos Socialistas, que se incorpora no anexo II, área 3, sección 3.7 do proxecto de lei coa seguinte redacción:

«Sección 3.7. Mercados e prezos

Intercambios comerciais

Prezos nos sectores produtivos

Prezos no sector externo

Nivel xeral de prezos

Competitividade».

c) Emendas rexeitadas

A ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda o desbotamento das restantes emendas.

4. *Texto articulado do informe*

Exposición de motivos

I

O artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia recolle a competencia exclusiva da estatística para os fins da Comunidade Autónoma. En aplicación dese artigo, o Parlamento aprobou a Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, modificada polas leis 7/1993, do 24 de maio, 10/2001, do 17 de setembro, 16/2006, do 27 de decembro, e 8/2011, do 9 de decembro.

No artigo 6 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, establécese que o Plan galego de estatística é o instrumento de ordenación e planificación da actividade estatística da Comunidade Autónoma de Galicia, que será obxecto de aprobación polo Parlamento mediante unha lei e que terá a vixencia establecida nel, ou, no seu defecto, a de catro anos. O artigo 7 da devandita Lei 9/1988, do 19 de xullo, encoméndalle ao Instituto Galego de Estatística a elaboración do Anteproxecto do Plan galego de estatística, que será elevado ao Consello da Xunta para a súa aprobación, logo do informe do Consello Galego de Estatística. A ordenación e a planificación da actividade estatística levaranse a cabo mediante a progresiva constitución do sistema estatístico, entendendo por tal o conxunto ordenado e integrado de métodos, procedementos e resultados dos seus axentes institucionais.

O Parlamento aprobou cinco plans para os períodos 1998-2001, 2002-2006, 2007-2011, 2012-2016 e 2017-2021, nos que se fixaban os obxectivos que se debían concretar nos programas anuais.



Ao se esgotar o quinto plan, procede aprobar un novo para, mediante un sistema de planificación por obxectivos, crear, organizar e difundir o coñecemento estatístico, acorde coas necesidades das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía. Para acadalo, fórmulanse obxectivos de tres tipos: informativos, instrumentais e de calidade.

Os primeiros concrétnanse en metas estatísticas para responderen ás necesidades de información da sociedade. A planificación por metas dota o plan da flexibilidade necesaria para se adaptar á realidade cambiante e facilitar a cooperación con outros sistemas estatísticos oficiais, de acordo cos compromisos de coherencia, integración, harmonización e uso eficiente dos recursos públicos. Tamén son obxectivos informativos os vencellados coas liñas de actuación salientables do plan e coa consideración das perspectivas de xénero e idade.

Os obxectivos instrumentais fixan as características que deben ter os procesos para organizar, recoller, elaborar e difundir as estatísticas.

E os de calidade establécense de acordo co Código de conduta das estatísticas europeas, adoptado polo Comité do Sistema Estatístico Europeo o 16 de novembro de 2017.

A actividade que se realice en desenvolvemento deste plan axustarase aos principios e ás garantías de interese público, obxectividade e corrección técnica, obriga de colaboración, segredo estatístico e difusión de resultados, establecidos no capítulo III da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, así como ás recomendacións do Código de conduta das estatísticas europeas. Formarán parte desta actividade as tarefas de recompilación, elaboración e ordenación sistemática da información cuantificable, a publicación e a difusión de resultados necesarios ou útiles para o coñecemento cuantitativo, a análise das realidades demográfica, agraria, pesqueira, industrial, comercial, financeira, de servizos, social, cultural e ambiental de Galicia e, en xeral, calquera cuestión referida ás condicións de vida, aos fins e ás competencias da Comunidade Autónoma. Tamén se inclúen nesta categoría as tarefas previas ou complementarias das anteriores que non fosen incluídas dentro delas, as legalmente exixibles ou tecnicamente necesarias para poder acadar os requisitos que establecen as normas estatísticas e mais as de innovación, investigación e desenvolvemento técnico, metodolóxico e normalizador no eido estatístico.

Tamén poderán formar parte deste plan as tarefas de interese para o sistema estatístico que estean conectadas cos retos do Plan estratéxico de Galicia 2021-2030, así como as orientadas a mediren o cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable da Axenda 2030, adoptada pola Asemblea Xeral da Organización das Nacións Unidas, para pór fin á pobreza, protexer o medio e mellorar a vida e as perspectivas das persoas.

Visto o anterior, e como consecuencia da experiencia acumulada nos dous últimos plans, cómpre introducir un novo tipo de operación: a explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo, e anovar as operacións de síntese, co engadido dos indicadores compostos ou sintéticos.

O sistema estatístico proverá a información para que a cidadanía poida exercer os seus dereitos, orientar a xeración de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma



de decisións. A inclusión na oferta de información estatística dos metadatos necesarios para axudar a comprender o significado dos resultados difundidos contribuirá á consecución destes obxectivos.

II

A lei ten tres títulos, unha disposición adicional, unha disposición transitoria, unha disposición derogatoria, dúas disposicións derradeiras e tres anexos.

O título I consta dun único capítulo de disposicións xerais, onde se recollen o obxecto da lei, o seu período de aplicación e as principais definicións.

Os títulos II e III correspóndense coas dúas dimensións do plan: a planificación e a ordenación da actividade estatística, respectivamente. O primeiro capítulo do título II agrupa os obxectivos do plan e o segundo establece como se satisfán mediante os programas anuais.

O título III ten catro capítulos sobre os proxectos técnicos e a estatística oficial, a recollida e a cesión de información, a colaboración institucional e o inventario de operacións e actividades estatísticas.

Nos anexos figuran a estrutura temática do plan, a relación de metas de información e o inventario inicial de operacións e actividades.

III

No proceso de elaboración desta lei, de acordo co previsto no artigo 46 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o Consello Galego de Estatística, como órgano consultivo para asegurar a participación dos axentes sociais e a relación entre as persoas usuarias e a administración, emitiu un informe favorable sobre o anteproxecto. A participación cidadá promoveuse tamén mediante o Portal de transparencia e Goberno aberto.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

1. O obxecto desta lei é aprobar o Plan galego de estatística (PGE) 2022-2026, o instrumento de ordenación e planificación da función estatística para os fins da Comunidade Autónoma, ao amparo do artigo 27.6 do Estatuto de autonomía de Galicia e da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia.

2. Os obxectivos do PGE 2022-2026 clasifícanse en informativos, instrumentais e de calidade. Os primeiros comprenden as metas de información, as perspectivas de xénero e idade e mais as liñas de actuación salientables.

3. Os obxectivos do PGE 2022-2026 concrétnanse nos programas anuais executados pola organización estatística da Comunidade Autónoma.



4. Forman parte desta organización o Instituto Galego de Estatística (en adiante IGE), os órganos estatísticos sectoriais (OES) e o Consello Galego de Estatística (CGE).

5. A organización estatística desenvolverá as súas relacións internas e externas no marco deste plan.

Artigo 2. *Definicións*

1. Para cubrir as metas de información e ampliar a información dispoñible sobre Galicia programaranse anualmente operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE).

2. Para cubrir os outros obxectivos do plan poderanse programar actividades de interese estatístico (AIE).

3. Para os efectos desta lei, enténdese por:

3.1. Operación estatística (OE): a que se executa consonte un proxecto técnico e coa participación dunha administración pública galega nalguna fase previa á difusión.

3.2. Actividade estatística (AE): a que se executa sen proxecto técnico, pero coa finalidade de difundir resultados que contribúan a ampliar a información estatística dispoñible sobre Galicia.

4. As operacións e as actividades estatísticas deben estar clasificadas dentro das alíneas seguintes, ou ser unha combinación delas:

- a) o censo ou a estatística exhaustiva
- b) a enquisa por mostraxe
- c) a toma directa de datos
- d) a explotación estatística de sistemas de información, rexistros, microdatos ou directorios
- e) a explotación estatística do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo
- f) de síntese: sistema de indicadores, números índices, indicadores compostos ou sintéticos, contas económicas e balances, proxeccións e métodos de estimación indirecta.

5. As operacións estatísticas pódense programar nos seguintes estados:

a) En implantación: a operación con proxecto técnico que se executa por primeira vez. Este estado permite comprobar se o proxecto técnico é axeitado para conseguir os obxectivos previstos.

b) En curso: a operación periódica ou irregular con proxecto técnico que dá lugar a unha serie cronolóxica ou permite a comparanza temporal con outros períodos.



c) En cumprimento: a operación que se executa no marco duns convenios, acordos, decretos de transferencia ou calquera outro tipo de norma ou vínculo xurídico, de xeito que as súas características técnicas xa veñen reguladas por outra administración.

d) En reestruturación: a operación en curso ou en cumprimento cuxo proxecto técnico sufriu cambios substanciais.

6. As operacións e as actividades estatísticas son de difusión obrigatoria.

Artigo 3. *Período de aplicación*

1. O Plan galego de estatística 2022-2026 formula obxectivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2026. De non se aprobar un novo ao seu vencemento, quedará prorrogado ata a entrada en vigor do seguinte.

2. O Consello da Xunta aprobará uns programas estatísticos anuais para desenvolver este plan.

Artigo 4. *Avaliación*

O Instituto Galego de Estatística elaborará un informe de avaliación do Plan galego de estatística, que someterá á consideración do Consello Galego de Estatística e porá en coñecemento do Parlamento de Galicia.

De ser o caso, e por petición do Parlamento, a persoa titular da dirección do Instituto Galego de Estatística dará conta do dito informe mediante unha comparecencia específica.

TÍTULO II

Planificación da actividade estatística

CAPÍTULO I

Obxectivos

Artigo 5. *Obxectivo central*

1. O obxectivo central do plan é desenvolver e consolidar o Sistema estatístico público galego e acadar un conxunto coherente, rigoroso e actualizado de datos que garanta o avance no coñecemento da realidade galega e que responda ás demandas de información das institucións públicas, dos axentes económicos e sociais e da cidadanía, adecuándose a criterios de economía e de aproveitamento das fontes existentes, minimizando as molestias ás persoas informantes e garantindo o segredo estatístico.

2. Este obxectivo central desenvólvese en:

a) Obxectivos informativos, que comprenden os temas por abordar para responder ás metas de información, ás perspectivas de xénero e idade e ás liñas de actuación salientables. Para satisfacelos, os programas incluírán as operacións e as actividades estatísticas. As liñas de actuación salientables poderanse cubrir tamén coas actividades de interese estatístico.



b) Obxectivos instrumentais, que pretenden acadar metodoloxías máis sólidas e procedementos estatísticos axeitados, diminuír a carga de resposta e aumentar a eficiencia. Para satisfacer estes obxectivos, os programas incluírán as actividades de interese estatístico.

c) Obxectivos de calidade, que fixan as características desexables das estatísticas. Para satisfacerlos, os programas as incluírán as actividades de interese estatístico.

Artigo 6. *Obxectivos informativos*

1. O plan inclúe as metas relacionadas no anexo II, que son os obxectivos específicos de información do quinquenio. Para que a oferta estatística sexa pertinente e facilite a comparanza temporal con outros períodos conservaranse as metas coa difusión dos resultados do Plan galego de estatística 2017-2021.

2. As metas de información clasifícanse nas áreas e seccións temáticas do anexo I. Para a súa avaliación consideraranse as operacións e as actividades estatísticas dos programas coa difusión dos resultados.

3. De conformidade co establecido no artigo 9 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, todas as operacións e actividades estatísticas deberán ter en conta a perspectiva de xénero. As incluídas nos programas que consideren os datos sobre as persoas físicas deberánse recoller e difundir por sexo.

4. De conformidade co establecido no artigo 5 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, introdúcese a perspectiva de idade na difusión de datos sobre as persoas físicas, sempre que as restricións técnicas de segredo estatístico e a primacía da perspectiva de xénero o permitan.

5. Como liñas de actuación salientables, impulsarase o uso da información estatística dispoñible para mellorar o seguimento e a avaliación das políticas públicas e profundarase na análise das seguintes materias: demografía, estrutura sociolaboral, estrutura sociocultural, cohesión territorial, conxuntura económica e estrutura económica.

Artigo 7. *Obxectivos instrumentais*

1. O Instituto Galego de Estatística (IGE) implantará unha política de formación profesional continua para o persoal estatístico da Comunidade Autónoma.

2. Realizarase a investigación estatística e cooperarase coa comunidade científica e con outras institucións para mellorar os métodos e os procedementos.

3. Intensificarase o uso estatístico das fontes administrativas ou doutro tipo e estableceranse uns procedementos de colaboración entre os seus titulares e as autoridades estatísticas para garantir a calidade da información.



4. Utilizaranse as fontes xa existentes e promoveranse as medidas tecnolóxicas, procedementais e formativas que permitan enlazar as distintas fontes de datos, para evitar que se dupliquen as solicitudes de información.

5. Aproveitarase o desenvolvemento das tecnoloxías da información e as comunicacións para optimizar as formas tradicionais de recollida e difusión dos datos, así como para usar as novas fontes de información masiva e explorar a súa potencialidade.

6. Intensificaranse a reutilización dos datos e as interoperabilidades organizativa, semántica e técnica, para incrementar a eficiencia e moderar os custos.

7. Promoverase a xeorreferenciación da información para avanzar na obtención de estatísticas espaciais.

8. Consolidaranse e profesionalizaranse os órganos estatísticos sectoriais.

Como ferramentas estatísticas de base, en coherencia cos obxectivos instrumentais 3, 4 e 5, e de conformidade co artigo 39 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, o IGE poderá desenvolver e manter unhas bases de datos sociodemográficas ou empresariais a partir do enlazamento de ficheiros de datos estatísticos, administrativos e/ou doutro tipo, cuxa finalidade será programar operacións ou actividades a partir da súa explotación, garantindo o cumprimento das normativas sobre protección de datos persoais e segredo estatístico.

Artigo 8. *Obxectivos de calidade*

1. Pertinencia: as estatísticas deseñaranse consonte as necesidades das persoas ou entidades usuarias e do interese do conxunto da sociedade galega. Analizaranse o interese e a utilidade das estatísticas.

2. Precisión e fiabilidade: as estatísticas tentarán reflectir a realidade axeitadamente. Avanzarase na validación das operacións e das actividades estatísticas.

3. Oportunidade e puntualidade: as estatísticas divulgaranse consonte un calendario e seguindo as recomendacións europeas sobre a súa comunicación.

4. Coherencia e comparabilidade: as estatísticas realizaranse sobre a base de normas comúns con respecto ao alcance, as definicións, as unidades e as clasificacións. Promoveranse a normalización e a homoxeneidade de métodos que permitan comparar a información proporcionada polo Sistema estatístico de Galicia verbo do estatal e do europeo.

5. Accesibilidade: as estatísticas difundiranse nun sitio web específico, acompañadas de metadatos. A difusión dos datos realizarase nun formato reutilizable para a persoa usuaria. Do mesmo xeito, e para facilitar a investigación e o uso da información, asegurase o ofrecemento de microdatos anonimizados das operacións ou das actividades que procedan.

6. Transparencia: as estatísticas axustaranse a unha metodoloxía para reforzar a súa transparencia.



CAPÍTULO II

Programa estatístico anual

Artigo 9. *Contido*

1. Para satisfacer os obxectivos do plan, o programa incluírá as operacións, as actividades estatísticas e as actividades de interese estatístico e considerará outras tarefas vinculadas coas liñas de actuación salientables. Os resultados das operacións e das actividades estatísticas son de difusión obrigatoria.

2. Nas operacións estatísticas (OE) e actividades estatísticas (AE) especificaranse os datos seguintes:

- a) os organismos responsables
- b) as metas de información ou outros obxectivos informativos
- c) os obxectivos concretos
- d) os ámbitos de investigación
- e) a periodicidade
- f) o orzamento aproximado
- g) as formas e os prazos de difusión.

3. Nas operacións figurarán tamén o estado e, de proceder, as persoas ou as entidades obrigadas a subministraren información, así como as compensacións económicas previstas no artigo 23 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia. As formas e os prazos de difusión especificaranse obrigatoriamente nas programadas en curso, en cumprimento coa difusión prevista no ano e sempre que sexa posible nas demais operacións.

4. Nas actividades de interese estatístico (AIE) figurarán as liñas de actuación salientables e os obxectivos instrumentais ou de calidade que satisfán.

Artigo 10. *Aprobación e vixencia*

1. O Instituto Galego de Estatística elaborará o proxecto de programa estatístico anual, logo do informe do Consello Galego de Estatística.

2. O Consello da Xunta, por proposta da persoa titular da Consellería de Facenda e Administración Pública, aprobará por un decreto o programa estatístico anual.

3. A vixencia do programa coincidirá co ano natural, sen prexuízo da súa prórroga respecto das operacións e das actividades que pola súa natureza sexa necesario continuar.

Artigo 11. *Seguimento*

O Instituto Galego de Estatística realizará un informe anual de seguimento do programa para a súa consideración por parte do Consello Galego de Estatística. Deste informe daráselle conta ao Parlamento de Galicia.



Artigo 12. *Execución*

1. Os órganos da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico executarán o programa, directamente ou en colaboración con outras entidades públicas ou privadas, mediante uns acordos, convenios ou contratos. Todos eles quedarán obrigados a cumprir o segredo estatístico, incluso despois de rematar os devanditos acordos, convenios ou contratos.

2. O Instituto Galego de Estatística (IGE) será, con carácter xeral, o organismo responsable das operacións e das actividades cuxo ámbito de investigación implique simultaneamente varios sectores económicos ou ámbitos sociais. As de carácter sectorial serán executadas preferentemente polos órganos ou polas entidades públicas que sexan competentes na materia ou que, do exercicio das súas funcións, obteñan información susceptible de explotación estatística. Cando o departamento careza dos medios necesarios para realizar unha operación ou unha actividade, o IGE, dentro dos seus recursos, poderá levala a cabo para obter a información sobre unha meta insatisfeita.

3. O contido do programa e a súa execución estarán suxeitos ás dispoñibilidades orzamentarias e organizativas.

TÍTULO III **Ordenación da actividade estatística** CAPÍTULO I **Proxecto técnico e estatística oficial**

Artigo 13. *Proxecto técnico*

1. As operacións dos programas disporán dun proxecto técnico, visto polo Consello Galego de Estatística e de carácter público.

2. O proxecto técnico sistematizará os procedementos de execución de cada operación. Este debe especificar os obxectivos informativos, describir como se abordan as perspectivas de xénero e idade e detallar que soporte se utiliza para recoller os datos individualizados.

3. O Instituto Galego de Estatística (IGE), de acordo cos seus recursos, prestará a súa asistencia na redacción dos proxectos do resto dos axentes do sistema e elevaraos á consideración do Consello Galego de Estatística.

4. Coa finalidade de construír un sistema integrado de contas económicas, o IGE participará na elaboración e execución dos proxectos técnicos relativos ás operacións de síntese desta clase.

Artigo 14. *Estatística oficial*

1. As operacións dos programas son oficiais logo da publicación dos resultados segundo o seu proxecto técnico.

2. Os resultados das operacións serán difundidos preferentemente polos organismos responsables. De acordo coas alíneas 8 e 9 do artigo 39 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, o Instituto



Galego de Estatística (IGE) poderá solicitar estes resultados para a súa recompilación, almacenaxe e difusión.

3. Deberán ser obxecto de aprobación expresa os resultados das operacións oficiais que sexan aplicables obrigatoriamente ás relacións e situacións xurídicas en que a Comunidade Autónoma teña competencia para impolos. Para tal efecto, seguirase o seguinte procedemento:

a) As propostas de aprobación serán presentadas polos organismos responsables perante o IGE, quen emitirá un informe preceptivo sobre o cumprimento das normas estatísticas aplicables.

b) O IGE poderá requirir dos organismos responsables toda a información que considere necesaria para elaborar este informe.

c) De o informe ser favorable, o IGE aprobará con carácter provisional os resultados e poraos en coñecemento do Consello Galego de Estatística e do Consello da Xunta. Se ao transcorrer o prazo de tres meses non se reciben unhas obxeccións expresas, quedarán aprobados definitivamente e serán publicados no *Diario Oficial de Galicia*.

CAPÍTULO II

Recollida e cesión de información

Artigo 15. *Colaboración cidadá*

Será obrigatoria a colaboración cidadá nas operacións dos programas. A dita obriga deberá respectar a normativa vixente e aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal.

A información por subministrar axustarase ao establecido nos correspondentes proxectos técnicos, e dentro de cada programa anual especificaranse os colectivos obrigados a subministrala.

Artigo 16. *Datos de orixe estatística, administrativa ou doutro tipo*

Para reducir a carga de resposta das unidades informantes e mellorar a eficiencia da produción utilizarase como fonte prioritaria de información a contida nos ficheiros dispoñibles de datos estatísticos, administrativos ou doutro tipo.

Baixo este principio, e para executar os plans e programas estatísticos da Comunidade Autónoma, o Instituto Galego de Estatística (IGE) terá dereito a solicitar e obter os datos contidos nos ficheiros estatísticos, administrativos ou doutro tipo, incluídos os datos persoais identificados, dos órganos e das entidades do sector público autonómico, e os seus titulares prestaranlle a máis rápida e áxil colaboración no proceso. Os ficheiros postos á disposición do IGE irán acompañados dos metadatos pertinentes.

Artigo 17. *Cesión da información estatística*

A información sometida ao segredo estatístico soamente se poderá ceder para elaborar unha operación incorporada nos programas á unidade responsable da súa realización, sempre que sexa



necesaria e a unidade forme parte da organización estatística de Galicia. Tamén se poderá ceder información no marco de acordos e convenios entre organismos públicos competentes en materia estatística.

Para favorecer a investigación científica, e de acordo co establecido no artigo 30 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia, as universidades e os centros de investigación recoñecidos poderán establecer acordos co Instituto Galego de Estatística ou, de ser o caso, con outros órganos ou entidades do sector público autonómico, para explotar as bases de datos destinadas a elaborar as estatísticas reguladas pola dita lei. A solicitude será asinada pola persoa representante da institución á que pertenza a persoa responsable da investigación, e nela deberán concorrer as garantías necesarias para protexer a seguridade da información.

Cando sexa unha terceira persoa a titular da información prevista nos dous parágrafos anteriores, solicitarase á súa autorización para cedela.

CAPÍTULO III

Colaboración institucional

Artigo 18. Colaboración externa

1. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá colaborar co Instituto Nacional de Estatística e con outras entidades e organizacións locais, autonómicas, estatais, europeas ou internacionais. Farase especial énfase na cooperación transfronteiriza coa Rexión Norte de Portugal.

2. No ámbito das súas competencias, a organización estatística de Galicia poderá establecer unha colaboración con entidades e organizacións privadas.

Artigo 19. Cooperación, colaboración e asistencia no ámbito interno

1. O Instituto Galego de Estatística (IGE) deberá ser informado, con carácter previo, de todos os convenios e acordos que en materia estatística formalice calquera órgano ou entidade do sector público autonómico.

2. As actividades estatísticas derivadas destes convenios ou acordos quedarán amparadas por esta lei e incluíranse nos programas anuais, logo do informe favorable do IGE.

3. O IGE será informado dos ficheiros de datos para fins estatísticos que os órganos ou as entidades do sector público autonómico deban remitir a outra administración. Neste caso, o IGE recibirá unha copia deles.

4. No marco do principio de autoprovisión de servizos, o IGE será consultado previamente sobre os expedientes de contratación externa que pretendan tramitar os órganos e as entidades do sector público autonómico para desenvolver algunha das actuacións previstas no catálogo aprobado polo Consello da Xunta de Galicia.



Artigo 20. *Planificación*

1. O Instituto Galego de Estatística e os órganos estatísticos sectoriais (OES) que corresponda deberán ser informados previamente de todos os plans de carácter xeral, por abrangueren varios ámbitos ou sectores, que formalicen os órganos e as entidades do sector público autonómico, cando poidan precisar información elaborada ao abeiro dos instrumentos de planificación estatística.

2. Para que o Sistema estatístico de Galicia provexa información para estes plans, esta deberá ser incluída nos programas mediante unha operación ou actividade estatística, independentemente de que haxa unha meta de información prevista.

Artigo 21. *Creación e modificación de rexistros e sistemas de información*

Para garantir o cumprimento dos criterios recollidos no artigo 5.1, o Instituto Galego de Estatística e o órgano estatístico sectorial que corresponda deberán ser consultados, con carácter previo, dos rexistros administrativos e dos sistemas de información susceptibles de explotación estatística, creados polos órganos e as entidades do sector público autonómico, así como das modificacións que impliquen cambios na devandita explotación.

CAPÍTULO IV

Inventario de operacións e actividades estatísticas

Artigo 22. *Inventario de operacións e actividades estatísticas*

1. O inventario será o marco de actuación da organización estatística da Comunidade Autónoma e recollerá as operacións e as actividades estatísticas dos programas.

2. Os órganos e as entidades do sector público autonómico facilitaranlle ao Instituto Galego de Estatística a información sobre a actividade estatística que realizan, co fin de contribuír a un maior coñecemento desta e de proceder ao seu inventario.

Artigo 23. *Contido*

1. Nas operacións estatísticas (OE) e nas actividades estatísticas (AE) especificaranse:

- a) o nome
- b) os organismos responsables
- c) as metas de información ou os outros obxectivos informativos
- d) os obxectivos concretos
- e) a periodicidade.

2. O inventario recollerá para cada unidade inventariada os indicadores de calidade calculados por programa.

3. Nas operacións figurarán os proxectos técnicos e, se procede, os cuestionarios.



Artigo 24. *Altas*

1. No anexo III figuran as operacións en curso ou en cumprimento e mais as actividades estatísticas do anterior plan que formarán parte do inventario inicial. As operacións e as actividades causarán alta no inventario cando aparezan por primeira vez nun programa. As operacións daranse de alta en implantación, agás as que se poidan introducir en cumprimento e dispoñan da súa metodoloxía.

2. Poderase inventariar unha operación ou unha actividade cando na normativa de creación dun rexistro administrativo ou sistema de información se estableza a posibilidade de realizar unha estatística e se determine o organismo responsable.

Artigo 25. *Modificacións*

Con cada programa anual modificaranse os datos do inventario. Para cambiar a periodicidade ou deixar de programar unha operación ou actividade, o organismo responsable deberalle comunicar ao Instituto Galego de Estatística estas circunstancias, xustificándoas. Delas daráselle conta ao Consello Galego de Estatística.

Disposición adicional única. *Creación do Rexistro de Poboación de Galicia*

1. Créase o Rexistro de Poboación de Galicia (RPG), no que constarán os datos do nome, apelidos, domicilio, sexo e data de nacemento das persoas inscritas nos padróns municipais de habitantes de todos os concellos galegos.

2. Baseándose nas previsións sobre as transmisións de datos entre administracións públicas recollidas no artigo 155 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, os datos persoais do RPG seranlle solicitados ao Instituto Nacional de Estatística, a quen a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, atribúe a coordinación de todos os padróns municipais.

3. O Instituto Galego de Estatística (IGE) será o organismo responsable de manter, explotar e custodiar o RPG. As persoas interesadas poderán exercer perante o IGE os dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, así como limitar ou oporse ao seu tratamento.

4. O RPG ten como finalidade que os órganos da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia se comuniquen coas persoas interesadas residentes no seu territorio respecto das relacións xurídico-administrativas derivadas do exercicio das competencias que teñan atribuídas e exclusivamente para asuntos nos cales a residencia ou o domicilio sexan datos relevantes, así como tamén a de elaborar as estatísticas reguladas por esta lei. En todo caso, será aplicable o disposto no artigo 41.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio e só para os efectos da súa iniciación.

5. Agás os supostos previstos nas alíneas anteriores, os datos persoais do RPG son confidenciais e o seu tratamento e a súa libre circulación rexeranse polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679,



relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e, con carácter supletorio, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

6. As medidas de seguridade do RPG serán as previstas no Esquema nacional de seguridade, de acordo co disposto na disposición adicional primeira da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición transitoria única. *Metas de información de plans anteriores*

A organización estatística da Comunidade Autónoma poderá programar as operacións e as actividades estatísticas que tenten satisfacer as metas sen difusión do Plan galego de estatística 2012-2016 e do Plan galego de estatística 2017-2021.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa*

Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao previsto nesta lei e, expresamente, a Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan galego de estatística 2017-2021, sen prexuízo do que se refire á execución e ao seguimento do Programa anual 2021 e á avaliación do Plan galego de estatística 2017-2021.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento normativo*

Autorízase o Consello da Xunta para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e executar esta lei.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022.

ANEXO I Estrutura temática

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais

Sección 1.2. Medio ambiente

Área 2. Sociedade

Sección 2.1. Poboación e fogares

Sección 2.2. Sanidade

Sección 2.3. Educación e capital humano

Sección 2.4. Traballo

Sección 2.5. Condicións sociais



Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer

Sección 2.7. Vivenda

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1. Sector agrario

Sección 3.2. Pesca e acuicultura

Sección 3.3. Enerxía e industria

Sección 3.4. Construción

Sección 3.5. Servizos de mercado

Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado

Sección 3.7. Mercados e prezos

Sección 3.8. Actividade empresarial

Sección 3.9. Sistema de contas

Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

Sección 4.1. Sociedade da información

Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía

ANEXO II

Metas de información

Área 1. Territorio, recursos naturais e medio ambiente

Sección 1.1. Territorio e recursos naturais

Territorio

Estradas

Caza e pesca continental

Recursos naturais e biodiversidade

Incendios forestais

Montes veciñais e comunidades de montes

Estática e dinámica forestal. Superficies e repoboacións

Sección 1.2. Medio ambiente

Climatoloxía

Calidade do aire

Reservas e usos das augas

Calidade e depuración de auga

Residuos urbanos e industriais. Reciclaxe

Hábitos e prácticas ambientais



Área 2. Sociedade

Sección 2.1. Poboación e fogares

Estrutura da poboación
Dinámica da poboación
Estrutura dos fogares
Dinámica dos fogares
Proxeccións demográficas

Sección 2.2. Sanidade

Asistencia sanitaria
Listas de agarda
Estado xeral de saúde da poboación
Morbilidade
Mortalidade por causas
Consumo de drogas e asistencia ás persoas drogodependentes

Sección 2.3. Educación e capital humano

Ensino preobligatorio
Ensino obrigatorio
Ensino postobligatorio non universitario
Acceso á universidade. Oferta e demanda de titulacións
Ensino universitario
Tránsito do sistema educativo ao mercado laboral
Outros tipos de formación, coa inclusión da realizada no seo das empresas

Sección 2.4. Traballo

Caracterización do mercado laboral
Accidentes laborais e enfermidades profesionais
Salarios e custos laborais
Outras condicións laborais
Flexibilidade na aplicación das condicións laborais
Concertación laboral
Eleccións sindicais
Infraccións e sancións
Regulación de emprego
Persoas traballadoras estranxeiras

Sección 2.5. Condicións sociais

Ingresos e gastos dos fogares
Benestar



Pensións e outras prestacións
Emprego do tempo
Desprazamentos por razón de traballo e outros tipos de mobilidade
Poboación dependente e segmentos sociais con máis necesidades potenciais
Discapacidade
Violencia de xénero
Conciliación familiar e laboral
Capital social e participación cidadá
Xustiza e seguridade

Sección 2.6. Cultura, deporte e lecer

Equipamentos e recursos culturais
Hábitos e prácticas culturais
Hábitos e prácticas deportivas e do lecer
Prácticas lingüísticas
Equipamentos e recursos deportivos

Sección 2.7. Vivenda

Demanda e acceso á vivenda
Parque de vivendas. Equipamento e características

Área 3. Estrutura produtiva

Sección 3.1. Sector agrario

Superficies agrarias
Efectivos gandeiros
Maquinaria e outro capital agrario
Producións e rendementos vexetais
Sacrificio de gando e outras producións e rendementos animais
Produción ecolóxica e de calidade
Características das explotacións agrarias

Sección 3.2. Pesca e acuicultura

Buques pesqueiros
Acuicultura
Primeira venda de produtos pesqueiros
Características das unidades de produción
Ocupación no sector da pesca

Sección 3.3. Enerxía e industria

Subsector industrial relacionado co sector primario
Produción, distribución e consumo de enerxía
Outras industrias manufactureiras



Sección 3.4. Construción

Edificación residencial e non residencial

Sección 3.5. Servizos de mercado

Comercio interior

Transporte de mercadorías e de pasaxeiros e pasaxeiras

Infraestruturas turística e hostaleira

Movemento de viaxeiros e viaxeiras. Ocupación en establecementos regulamentados e non regulamentados

Servizos financeiros, servizos ás empresas e outros de mercado

Sección 3.6. Administración pública e outros servizos non de mercado

Institucións sen fins de lucro

Ingresos tributarios e non tributarios

Recursos e gasto das administracións públicas galegas

Recursos e gasto na I+D+I

Sección 3.7. Mercados e prezos

Intercambios comerciais

Prezos nos sectores produtivos

Prezos no sector externo

Nivel xeral de prezos

Competitividade

Sección 3.8. Actividade empresarial

Estrutura e caracterización do sector empresarial

Conxuntura empresarial

Cooperativas, sociedades laborais e outras formas asociativas

Sección 3.9. Sistema de contas

Previsións macroeconómicas

Contas económicas

Marco *input-output*

Sectores institucionais

Contas satélites

Área 4. Coñecemento e tecnoloxía

Sección 4.1. Sociedade da información

Sociedade da información nos fogares

Sociedade da información nas empresas



Sociedade da información nas administracións
Sociedade da información no sistema educativo
Sociedade da información no sistema sanitario
Sociedade da información no medio rural

Sección 4.2. Ciencia e tecnoloxía

I+D+I nas empresas
I+D+I nas administracións
I+D+I na universidade
Comercio externo de produtos tecnolóxicos

ANEXO III

Operacións e actividades estatísticas consolidadas

1. Operacións estatísticas

Admisións a tratamento por consumo de substancias psicoactivas
Afilacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada
Análise da mortalidade
Centros especiais de emprego
Cifras poboacionais de referencia
Contas das sociedades mercantís de Galicia
Contas do sector fogares
Contas económicas anuais
Contas económicas trimestrais
Contaxe de vehículos nas estradas competencia da Comunidade Autónoma
Cooperativas
Datos estatísticos do Sistema universitario de Galicia
Datos sobre ocupacións máis contratadas
Desprazamento transnacional de persoas traballadoras
Eleccións sindicais
Empresas de traballo temporal
Empresas TIC de Galicia
Enquisa a empresas multilocalizadas
Enquisa conxuntural a fogares
Enquisa de ocupación na pesca
Enquisa de poboación activa de Galicia (EPA)
Enquisa estrutural a fogares (EEF)
Escenario macroeconómico de Galicia a curto prazo
Estado do planeamento urbanístico dos concellos
Estatística da administración electrónica nos concellos galegos
Estatística da primeira venda de produtos pesqueiros frescos
Estatística de chamadas ao Centro Integrado de Atención ás Emerxencias 112
Estatística de construción de edificios
Estatística de escolas, casas de oficio e obradoiros de emprego



Estatística de execución de medidas xudiciais impostas a menores
Estatística de familias numerosas
Estatística de licenzas de pesca e caza
Estatística de protección de menores
Estatística de sacrificio de gando en matadoiros
Estatística de violencia de xénero
Estatística do ensino non universitario en Galicia
Estatística sobre a administración electrónica na Xunta de Galicia
Estatística sobre as persoas beneficiarias da risga e das axudas de inclusión social
Explotación do *Boletín Oficial do Rexistro Mercantil*
Explotación do censo de persoas con discapacidade
Explotación do directorio de empresas e unidades locais
Explotación do Rexistro de buques pesqueiros da Comunidade Autónoma
Explotación do Rexistro de gando bovino
Explotación do Rexistro de maquinaria agrícola
Explotación do Rexistro de ovino e cabrún
Explotación do Rexistro galego da sida
Explotación do Rexistro galego de interrupcións voluntarias do embarazo
Explotación do Rexistro galego de tuberculose
Explotación do Rexistro sobre prezos declarados polos compradores de leite
Explotación do Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais
Explotación do Rexistro vitícola
Explotación estatística do Rexistro de parellas de feito
Indicadores de actividade e de valor engadido bruto (VEB) do sector servizos
Indicadores de cohesión social
Indicadores de multilocalización empresarial
Indicadores de seguimento das Directrices de ordenación do territorio
Indicadores de xénero
Indicadores demográficos
Índices de competitividade
Índices de valor unitario para o comercio exterior e intracomunitario
Infraccións e sancións na orde social
Inserción laboral das persoas tituladas de formación profesional
Marco *input-output*
Matriz de contabilidade social
Mortalidade por reacción aguda ao consumo de drogas
Pensións da Seguridade Social por concello de residencia da persoa pensionista
Persoal ao servizo da Administración autonómica
Prezos agrarios
Prezos da terra
Procedementos de despedimento colectivo, suspensión de contratos e redución de xornada
Produto interior bruto municipal
Proxeccións de fogares
Proxeccións de poboación a curto prazo
Renda municipal do sector fogares
Reservas de auga



Sector cunícola
Sector porcino industrial
Sinistralidade laboral
Sistema de indicadores complementarios para o seguimento do Plan de desenvolvemento rural
Sistema de indicadores da sociedade da información
Sistema de indicadores de lonxevidade
Sistema de información sobre a lista de espera cirúrxica
Sistema de información sobre a calidade microbiolóxica das zonas de baño
Situación das TIC nos centros sanitarios
Sociedades laborais
Superficies agrícolas
Táboas de mortalidade
Xestión de residuos de competencia municipal

2. Actividades estatísticas

A sociedade da información no medio rural
Accesibilidade á vivenda
Actividade industrial en Galicia
Asistencia xurídica gratuíta
Balance enerxético
Banco de series de conxuntura
Calidade do aire
Carga de poboación estacional dos concellos de Galicia
Climatoloxía
Comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía
Conciliacións individuais e colectivas
Conxuntura hoteleira en Galicia: análise da demanda, a ocupación e a rendibilidade empresarial
Distribución espacial das características da poboación de Galicia por cuadrícula de 1 km²
EEF. Características básicas dos fogares
EEF. Coñecemento e uso do galego
EEF. Módulo sobre a poboación dependente
EEF. Novas tecnoloxías
Emprego na Seguridade Social e nas mutualidades
Emprego no sector turístico galego
Enfermidades de declaración obrigatoria
Enquisa trimestral de fabricación de pensos e consumo de materias primas
EPA. Decil de salarios do emprego principal
EPA. Emprego das persoas con discapacidade
EPA. Estatística de fluxos da poboación activa
EPA. Estatística de mobilidade laboral e xeográfica
EPA. Estudo sobre a relación coa actividade da poboación xuvenil
EPA. Variables de submostra
Estatística de bibliotecas públicas
Estatística de permisos de marisqueo a pé



Estatística de produción da acuicultura mariña
Estudo sobre salarios
Explotación da mostra continua de vidas laborais
Explotación do índice de comercio polo miúdo
Explotación do índice de produción industrial
Explotación do movemento natural da poboación
Explotación do Rexistro de avicultura
Explotación do Rexistro de contratos laborais
Explotación dos datos do comercio exterior e intracomunitario
Explotación dos movementos migratorios
Explotación estatística da información tributaria
Galicia aberta: a emigración en cifras
Incendios forestais
Indicador da intensidade da demanda turística
Indicadores ambientais
Indicadores de contexto da economía galega
Indicadores de contexto do Plan de desenvolvemento rural
Indicadores de demografía empresarial
Indicadores de innovación
Información do mercado laboral rexistrado
Información estatística do sistema sanitario galego
Informe das variacións do índice de prezos de consumo
Informe do paro rexistrado
Negociación colectiva
Nomenclátor e explotación do padrón municipal de habitantes
Observatorio da sociedade da información e da modernización de Galicia
Panorama dos sete grandes concellos
Panorama rural e urbano
Pensións e outras prestacións
Rendementos de cultivos
Seguimento e análise da construción

Santiago de Compostela, 23 de novembro de 2021

Cristina Sanz Arias

Noa Presas Bergantiños

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo



1.3. Procedementos de control e impulso

1.3.6. Proposicións non de lei

1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

1.3.6.2.4. Proposicións tramitadas

COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, na súa sesión do 25 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 9275 (11/PNC-000960)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Díaz Mouteira, María Sol e seis deputados/as máis

Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España da modificación da normativa sectorial en materia de costas

BOPG nº 88, do 03.02.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a exixir ao Goberno de España a modificación da normativa sectorial en materia de costas, que permita a protección e posta en valor das construcións tradicionais preexistentes á Lei de costas e que son elementos que contribuíron notoriamente a conformar a paisaxe característica do litoral galego.»

Rexeitamento das iniciativas

- 15920 (11/PNC-001597)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para soterrar a avenida de Beiramar en Vigo

BOPG nº 140, do 19.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 23663 (11/PNC-002224)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre o proxecto para o arranxo da estrada LU-710 entre o enlace coa A-6 e Baralla

BOPG nº 216, do 21.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



- 23870 (11/PNC-002237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e Bará Torres, Xosé Luís
Sobre a construción dunha escada de peixes no río Deza
BOPG nº 218, do 28.10.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do 25 de novembro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Aprobación por unanimidade sen modificacións

- 20858 (11/PNC-001982)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis
Sobre as xestións que deben realizar a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade para mellorar os servizos sanitarios no concello de Ponteareas e na comarca
BOPG nº 196, do 08.09.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia e a Consellería de Sanidade a:

a) Cubrir todas as prazas de persoal sanitario e non sanitario necesarias para a correcta actividade dos servizos sanitarios en Ponteareas e na comarca.

b) Buscar mecanismos que rebaixen a lista de espera, para seren atendidos os pacientes nunha data límite razoable.

c) Iniciar coa máxima urxencia os tramites para a construción dun novo centro de saúde que dea servizo en condicións non só á veciñanza de Ponteareas senón ademais a toda a comarca do Condado nos servizos de apoio que se veñen desenvolvendo.»

- 24317 (11/PNC-002273)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Pérez López, Noelia e seis deputados/as máis



Sobre a demanda da Xunta de Galicia ao Goberno de España para que se prorrogue o prazo de vixencia da rebaixa do imposto do valor engadido das máscaras cirúrxicas desbotables
BOPG nº 224, do 10.11.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que adopte as medias e decisións que sexan necesarias encamiñadas a prorrogar o prazo de vixencia da rebaixa do IVE das máscaras cirúrxicas desbotables, máis aló da súa data de finalización prevista para o 31 de decembro de 2021.»

- 24463 (11/PNC-002288)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e catorce deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para a ampliación dos programas de fomento da inserción laboral para vítimas de violencia de xénero e mulleres vulnerables

BOPG nº 224, do 10.11.2021

Sométese a votación e resulta aprobada sen modificacións pola unanimidade dos 12 deputados e deputadas presentes.

O texto aprobado é o seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia:

1. A continuar garantindo o funcionamento efectivo e a mellorar a difusión de todos os recursos asistenciais para as vítimas de violencia de xénero, en coordinación con todas as institucións competentes na materia na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A ampliar os programas de fomento da inserción laboral para vítimas de violencia de xénero e mulleres vulnerables co fin de apoialas para rachar co círculo da violencia de xénero.»

Rexeitamento da iniciativa

- 15650 (11/PNC-001564)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Rodil Fernández, Olalla

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do asociacionismo e participación da mocidade galega

BOPG nº 138, do 12.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



- 16256 (11/PNC-001635)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe levar a cabo o Goberno galego para impulsar a construción dunha residencia de maiores, de carácter público, en Boiro

BOPG nº 144, do 26.05.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 24042 (11/PNC-002248)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e tres deputados/as máis

Sobre a cobertura das ausencias no Servizo de Pediatría dos centros de saúde de Outes e Noia e da dotación a este último de persoal de enfermaría

BOPG nº 220, do 03.11.2021

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 25 de novembro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución do 24 de novembro de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocado por Acordo da Mesa do Parlamento de 2 de maio de 2019.

O tribunal nomeado por resolución da Presidencia do 9 de decembro de 2020 (BOPG núm. 65, do 21 de decembro), modificado por Resolución do 22 de xaneiro de 2021 (BOPG núm. 82, do 26 de xaneiro) e do 20 de abril (BOPG núm. 126, do 21 de abril), para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia, grupo D, convocado polo Acordo da Mesa do Parlamento do 2 de maio de 2019 (DOG núm. 94, do 20 de maio),

ACORDOU:

Primeiro. Unha vez realizada a corrección solicitada ás cualificacións provisionais publicadas o 9 de novembro de 2021, aprobar a listaxe coas cualificacións definitivas das persoas aspirantes que superaron os dous primeiros exercicios e acadaron o resultado de apto no terceiro, coa puntuación total obtida, reflectida no anexo a esta resolución.

Segundo. Declarar que, de acordo coa base 7.3 da convocatoria, só superaron o proceso selectivo as dúas persoas que acadaron a maior puntuación.



Terceiro. Propoñerlle á Mesa do Parlamento de Galicia a finalización do proceso selectivo e o nomeamento de Verónica Rosende Sanjurjo e Noemí Laura Pinto Barreiro como persoal funcionario de carreira, do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia.

Cuarto. Segundo a base décima da convocatoria, o resto das persoas aspirantes incluídas no cadro da cualificación final da oposición, que non superaron o proceso selectivo, pasarán a formar parte dunha lista de espera que se constituirá no Parlamento de Galicia para cubrir as necesidades eventuais de persoal que puideren xurdir, en condición de persoal funcionario interino vinculado ao mantemento das circunstancias polas que son nomeadas, de conformidade coa normas aprobadas pola Mesa do Parlamento de 22 de marzo de 2021.

Quinto. Publicar esta resolución, en cumprimento da base 7.1 da convocatoria, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da Institución.

Sexto. Conceder, segundo dispón a base 7.4 da convocatoria, un prazo de dez días, contados desde o día seguinte á data de publicación desta resolución no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, para que as persoas aspirantes fagan as alegacións que xulguen oportunas.

Santiago de Compostela, novembro de 2021

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do tribunal

ANEXO

PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO, POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE, NO CORPO AUXILIAR DO PARLAMENTO DE GALICIA (GRUPO D)

PUNTUACIÓN FINAL-CORPO AUXILIAR DO PARLAMENTO DE GALICIA (GRUPO D)				
NÚM.	APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
1	ROSENDE SANJURJO	VERÓNICA	***0738**	48
2	PINTO BARREIRO	NOEMI LAURA	***5623**	47,2
3	PEREIRA LOUZAO	IRIA	***0630**	46,4
4	TRAFICANTE FERNÁNDEZ	RAFAEL JOSÉ	***0638**	46,4
5	MARTÍNEZ GONZÁLEZ	SILVIA	***0621**	46
6	PEREIRA SANTISO	GLORIA CAROLINA	***8291**	42,4
7	CASTRO RICO	ANA ISABEL	***0273**	42
8	LAMAS DOBARRO	JESÚS	***0281**	42
9	ROMERO CALO	AIA ZELTIA	***2484**	40,8
10	RODRÍGUEZ MUJICO	PATRICIA	***2117**	40,6
11	CORRAL CAMPELLO	CRISTINA	***0206**	39,8



PUNTUACIÓN FINAL-CORPO AUXILIAR DO PARLAMENTO DE GALICIA (GRUPO D)				
NÚM.	APELIDOS	NOME	DNI	NOTA
12	PEILLET REMUÑÁN	LORENA	***2485**	38,4
13	NEIRA BLANCO	DANIEL	***5083**	36,8
14	FORTES OTERO	EUGENIO	***9144**	36,8
15	LOURO BAZARRA	RAMÓN AGUSTÍN	***8704**	36,8
16	PITA COUSELO	MARÍA ALMUDENA	***6582**	36,4
17	GÓMEZ MORANDEIRA	SONIA	***2930**	36
18	LÓPEZ FERNÁNDEZ	MARÍA GRACIELA	***9596**	35,8
19	DÍAZ SIXTO	MARÍA BELÉN	***4794**	35,8
20	PASTORIZA COSTAS	MARTA	***2962**	35
21	UZAL REY	ANA	***9878**	33,8
22	VÁZQUEZ CAEIRO	JUAN	***2910**	33,8
23	NAVEIRO GONZÁLEZ	EVA	***3737**	33,6
24	RIAL BARROSO	ZORAIDA	***4977**	33,4
25	VIÑA SEÑARIS	SONIA	***0219**	33,2
26	VILLASVERDE IGLESIAS	SAMUEL	***1139**	32,4
27	VILLARINO FERNÁNDEZ	SONIA	***9380**	31,4
28	ARENOSA GARCIA	RUBEN	***8706**	29,6
29	TABOADA MOURE	MARÍA DEL PILAR	***1395**	29,2
30	PAZOS COSTAS	ANA ISABEL	***2020**	28,6
31	MIRANDA GOLMAR	OLALLA	***2963**	28,4
32	PAIS PAIS	ROSA MARÍA	***3326**	27,8
33	MERA NOGUEIRA	ANDREA	***3389**	24,4



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000012).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

No artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas" renumérase a alínea primeira que pasa a ser Un, que pasa a ter a seguinte redacción:

“Un. Modifícase o artigo 4 do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, que queda redactado como sigue:

“Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto sobre a renda das persoas físicas.

A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base liquidable Ata euros	Cota íntegra Euros	Resto base liquidable Ata euros	Tipo aplicable Porcentaxe
0	0	12.450,00	9,4
12.450,00	1.170,30	7.750,00	11,65
20.200,00	2.073,18	15.000,00	14,9
35.200,00	4.308,18	24.800,00	18,4
60.000,00	8.871,38	En diante	22,5

Emenda nº2, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 1

Engádesse o número Dous que pasa a ter a seguinte redacción:

“Dous. Modifícase o artigo 5. Cuatro do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, que queda redactado como segue:

“Os contribuíntes poderán deducir da cota íntegra autonómica a cantidade de 300 euros por cada menor en réxime de acollemento familiar simple, permanente, provisional ou



preadoptivo, administrativo ou xudicial, formalizado polo órgano competente en materia de menores da Xunta de Galicia, sempre que convivan co menor cento oitenta e tres ou máis días durante o período impositivo. Se o tempo de convivencia durante o período impositivo fose inferior a cento oitenta e tres días e superior a noventa días, o importe da dedución por cada menor acollido será de 150 euros.

Non dará lugar a esta dedución o suposto de acollemento familiar preadoptivo cando se produciu a adopción do menor durante o período impositivo, sen prexuízo da aplicación, no seu caso, da dedución por adopción.

En caso de acollemento de menores por matrimonio, ou por parellas de feito a que se refire a disposición adicional terceira da Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia, o importe da dedución se prorrateará por partes iguais na declaración de cada un deles, se optasen pola declaración individual”.

Emenda nº3, de Modificación. Artigo 2

Modifícase a rúbrica do artigo que pasa a estar redactado da seguinte forma:

“Artigo 2. Imposto sobre o patrimonio”.

Emenda nº4, de Modificación. Artigo 2

Renumérase a alínea primeira que pasa a ser Un, que queda redactado como segue:

“Un. Engádese o artigo 13 quater do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo (...)”

Emenda nº5, ao apartado Dous, de Adición. Artigo 2

Engádese o número Dous que pasa a ter a seguinte redacción:

“Dous. Modifícase o artigo Trece. Ter. Número Un do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma



de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado polo Decreto Lexislativo 1/2011, de 28 de xullo, que queda redactado como segue:

Un. Dedución por creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación.

Se entre os bens ou dereitos de contido económico computados para a determinación da base impositiva figura algún ao que se lle aplicaron as deducións na cota íntegra autonómica do imposto sobre a renda das persoas físicas relativas á creación de novas empresas ou ampliación da actividade de empresas de recente creación, ou investimento na adquisición de accións ou participacións sociais en entidades novas ou de recente creación, o contribuínte poderá aplicar unha dedución do 75 %, cun límite de 4.000 euros por suxeito pasivo, na parte da cota que proporcionalmente corresponda aos mencionados bens ou dereitos. O incumprimento dos requisitos previstos nas deducións do imposto sobre a renda das persoas físicas determinará a perda desta dedución.

Esta dedución será incompatible coas establecidas nos números dous e cinco seguintes”.

Emenda nº6, de Supresión. Artigo 5

Suprímense as últimas seis filas do primeiro cadro, referidas ás contías da “Zona terrestre” e as da “Zona de lámina de auga”

“Vinte e seis. Modifícase a regra sétima da tarifa E-2 contida na subalínea 02 da alínea 99 do anexo 3, que queda redactada como segue:

«Sétima.- As contías, expresadas en euros, serán, por metro cadrado ou fracción e día natural ou fracción, as seguintes:

<i>Zona de manobra e tránsito</i>	<i>Grupo A</i>	<i>Grupo B</i>	<i>Grupo C</i>
<i>(no caso de existir autorización)</i>			
<i>Días 1 ó 10</i>	<i>0,038963</i>	<i>0,025954</i>	<i>0,019513</i>
<i>Días 11 ó 20</i>	<i>0,119337</i>	<i>0,079537</i>	<i>0,059699</i>
<i>Días 21 e seguintes</i>	<i>0,235386</i>	<i>0,156946</i>	<i>0,117726</i>



<i>Zonas habilitadas para ó depósito de aparellos vinculados á actividade da pesca profesional (no caso de existir autorización)</i>	<i>Grupo A</i>	<i>Grupo B</i>	<i>Grupo C</i>
<i>Superficie descuberta</i>	<i>0,04251</i>	<i>0,02834</i>	<i>0,021253</i>
<i>Zona de almacenamento</i>	<i>Grupo A</i>	<i>Grupo B</i>	<i>Grupo C</i>
<i>Superficie descuberta</i>	<i>0,021253</i>	<i>0,014169</i>	<i>0,010626</i>
<i>Superficie cuberta</i>	<i>0,081662</i>	<i>0,054419</i>	<i>0,040766</i>
<i>Zona de lámina de auga</i>	<i>Grupo A</i>	<i>Grupo B</i>	<i>Grupo C</i>
<i>A menos de 20 do cantil</i>	<i>0,074372</i>	<i>0,049532</i>	<i>0,037185</i>
<i>A máis de 20 do cantil</i>	<i>0,033993</i>	<i>0,022642</i>	<i>0,017025</i>

Na zona de almacenamento situada a máis de 35 m do cantil do peirao dos portos incluídos nos grupos A e B aplicarase a tarifa do grupo inmediato inferior correspondente. (...)”.

Emenda nº7, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o apartado Dez do artigo 6 do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“Dez. Modifícase o número 3 do artigo 102, que queda redactado como segue:

“3. O posto de traballo asignado nesta situación terá carácter definitivo, sempre que a interesada estea conforme. De non manifestar a súa conformidade no prazo de tres anos dende a asignación do posto, o destino terá carácter provisional. Regulamentariamente determinaranse as condicións do traslado previsto neste artigo.”

Emenda nº8, ao apartado Once bis), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Once bis) co seguinte contido:



"Deixase sen contido o número 5 do artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia"

Emenda nº9, ao apartado Sete, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o apartado sete do artigo 6 do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas que queda redactado como segue:

"Sete. Modifícase o número 1 do artigo 80, que queda redactado como segue:

1. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso á función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a consolidación do emprego temporal, un mínimo dun vinte e cinco por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a corpos ou escalas do subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, inmediatamente inferior que reúna os seguintes requisitos:

- a) Posuír a titulación e os demais requisitos exixidos.
- b) Ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario durante polo menos dous anos no subgrupo ou grupo de clasificación profesional desde o que se pretenda promocionar. O persoal laboral fixo que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei, poderá participar nos procesos de promoción interna vertical regulados neste artigo, sempre que teña unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional tida en conta no proceso de funcionarización.
- c) Non superar a idade de xubilación forzosa.

As prazas reservadas para a promoción interna que non se cubran por este procedemento acumularanse ás de provisión libre, sempre que se trate dun proceso selectivo único rexido por unha mesma convocatoria."

Emenda nº10, ao apartado Tres, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o apartado Tres do artigo 6 do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas que queda redactado como segue:



“Tres. Modifícase o número 6 do artigo 38 que queda redactado como segue:

6. As relacións de postos de traballo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e os instrumentos de ordenación do persoal das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico poderán prever a clasificación dos postos co rango de subdirección xeral ou xefatura de servizo, que garden relación directa coas competencias en materia de sanidade, educación e xustiza para a súa provisión por persoal sanitario, docente ou da Administración de xustiza, respectivamente, atendendo á especificidade das funcións que se deban desempeñar.

Os postos clasificados como xefatura territorial poderán ser provistos por persoal sanitario, docente ou da Administración de Xustiza no caso de que así se determine na correspondente relación de postos de traballo.”

Emenda nº11, ao apartado Catro, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o punto catro do artigo 6 do proxecto de Lei de medidas fiscais e administrativas, que queda redactado como segue:

“Catro. Modifícase a letra e) do artigo 60, que queda redactado como segue:

“e) Toma de posesión dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento ou dentro do prazo previsto na correspondente convocatoria do proceso selectivo. As persoas propostas para o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira no correspondente proceso selectivo poderán tomar posesión con destino provisional, antes da toma de posesión con destino definitivo, noutros postos vacantes do mesmo corpo ou escala atendendo á orde de prelación resultante no dito proceso, sen prexuízo do acto de elección de destino definitivo no momento en que se oferten prazas a todos nomeados.”

Emenda nº12, ao apartado Catro bis), de Adición. Artigo 6



Engádese un novo apartado Catro bis) co seguinte contido:

"Catro bis. Engádese un número 6 á disposición transitoria primeira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

6. O persoal laboral fixo que teña recoñecido o complemento persoal de integración regulado nas disposicións transitorias primeira e segunda do Decreto 129/2012, de 31 de maio, polo que se regula o réxime aplicable a persoal de entidades instrumentais integrantes do sector público autonómico de Galicia que sexan obxecto de creación, adaptación ou extinción, e que antes que o dito complemento tivese sido absorbido, adquirise a condición de persoal funcionario de carreira como consecuencia de ter superado o proceso de funcionarización, manterá o dito complemento nas mesmas condicións reguladas no dito Decreto 129/2012, integrándose como parte do complemento de funcionarización que, no seu caso, puidera corresponderlle consonte o disposto no Decreto 165/2019, do 26 de decembro, polo que se establece o procedemento para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira polo persoal laboral fixo do Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia, ata o momento da súa absorción."

Emenda nº13, ao apartado Dezaseis bis), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Dezaeis bis) que queda redactado como segue

Modifícase o cadro do número 2 da disposición adicional novena da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, correspondente á especialidade de educadores, pertencente á escala técnica de facultativos, coa finalidade de crear as especialidades de educador social e educador infantil, de tal xeito que quedará como segue:

DENOMINACION	ESPECIALIDADES	SUBGRUPO	FUNCIONS	TITULACION
Escala de técnicos facultativos	Educador social	A2	- Participación no seguimento e na avaliación do proceso recuperador ou	- Mestre ou graduado nunha titulación que habilite para o exercicio da



			asistencial das persoas usuarias. - Relación cos familiares das persoas usuarias, proporcionándolles orientación e apoio. - Coordinación das actividades da vida diaria das persoas usuarias. - Programación e participación nas áreas de ocio e tempo libre. - Programación e execución das actividades educativas e formativas das persoas usuarias que o requiran en centros ocupacionais e CAPD. - Participación, cando foren requidos, no equipo multidisciplinar para a realización de probas ou valoracións relacionadas coas súas funcións. - Participación nas xuntas e sesións de traballo no centro. - En xeral, todas aquelas actividades non	profesión de mestre en Educación Primaria ou diplomado en Educación Social, ou primeiro ciclo da titulación de licenciado en Pedagogía, da titulación de licenciado en Psicoloxía ou da titulación de licenciado en Psicopedagogía, ou graduado nunha titulación da rama de ciencias sociais e xurídicas ou da rama de ciencias da saúde equivalente a calquera das anteriores
--	--	--	---	---





			especificadas anteriormente incluídas dentro da súa profesión ou preparación técnica.	
	Educador Infantil	A2	- A atención educativa directa aos nenos e nenas do primeiro ciclo de educación infantil. -Elaborar e responsabilizarse da proposta pedagóxica dos centros que impartan o primeiro ciclo de educación infantil. -Participación nos equipos pedagóxicos dos centros para garantir a necesaria unidade de acción educativa. -Proporcionar información periódica ás familias sobre o progreso do alumnado e manter con elas actividades periódicas para intercambiar información sobre o proceso de ensinanza - aprendizaxe dos seus fillos e fillas.	Título de grao que habilite para o exercicio da profesión de mestre de educación infantil ou título de mestre coa especialidade de educación infantil



Emenda nº14, ao apartado Dezaseis bis), de Adición. Artigo 6

Modifícase o cadro do número 4 bis da disposición adicional novena, engadíndose a escala auxiliar de Axentes de Estradas, que queda redactado como segue:

Denominación	Especialidades	Subgrupo	Funcións	Titulación
Escala auxiliar de Axentes de estradas		C2	-Execución material dos traballos de conservación, reparación e construción de obras nas estradas de titularidade autonómica e nos seus elementos funcionais, en concreto: • Limpeza e desbroce de bordes e marxes das estradas. • Reparacións de firme. • Reparación, mantemento e limpeza das obras de drenaxe. • Limpeza, reposición e colocación dos elementos de sinalización, balizamento e defensa. • Repintado de marcas viais. -Vixilancia das operacións e tarefas relacionados coa explotación do dominio público viario e dos elementos que o compoñen, en concreto: • Colaborar cos vixilantes de estradas e persoal de categoría superior nas súas funcións propias. • Vixiar o estado de conservación e funcionamento, dos elementos que integran o dominio público viario. • Comprobar e verificar os medios materiais e persoais, así como a execución dos traballos e actuacións vinculadas ás tarefas de conservación ordinaria e vialidade invernal que efectúen as empresas adxudicatarias dos contratos realizados para as ditas	Titulación que habilite para as funcións inherentes á escala e carné, autorización ou licenza que sexa necesario para o manexo de vehículos



			funcións ou de calquera outro contrato relacionado con esta competencia que exerza o órgano competente en materia de estradas. • Vixiar as operacións, traballos, obras ou outros usos realizados por terceiros no ámbito de protección das estradas. • Informar ás persoas das que dependa de calquera anomalía ou incumprimento da lexislación ou dunha autorización, de ser o caso. -Sinalizar os accidentes de circulación que presencie, colaborar e comunicar a súa situación aos servizos de emerxencia pertinentes, así como ás persoas das que dependa -Retirada da calzada aqueles elementos estraños de pequeno tamaño e que poidan ser un perigo para a seguridade viaria ou un impedimento á circulación -Atender ao cumprimento da normativa vixente, con especial atención á referente á mellora da seguridade viaria, ao medio ambiente e á seguridade e prevención de riscos laborais, no relacionado coa explotación de estradas -Elaborar os partes de servizo, informes, esbozos e demais documentos relacionados coas súas funcións, mediante o emprego dos equipos ofimáticos e das ferramentas administrativas das que dispoña. - Conservar os medios materias que se poñan á súa disposición e informar ao superior de calquera anomalía ou desperfecto - Realizar as tarefas administrativas que deriven das súas funcións. -Cantas outras funcións compatibles co seu nivel e coñecemento lle indique o seu superior	
--	--	--	--	--



Emenda nº15, ao apartado Dezaseis ter), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Dezaeis bis) que queda redactado como segue

"Modifícase o cadro do número 3 da disposición adicional novena correspondente á especialidade de xardín de infancia, pertencente á escala de axentes técnicos facultativos, de tal xeito que, a dita especialidade pasa a denominarse educación infantil."

Emenda nº16, ao apartado Vinte e dous bis), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Vinte e dous bis) de xeito que crea unha disposición adicional décimo sexta na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactada como segue:

"Vinte e dous bis) Disposición Adicional décimo sexta. Medidas en materia de procesos selectivos
Aquelas persoas que sen ter a condición de empregado público participen en procesos selectivos para o acceso á función pública e cometan algunha das conductas reguladas nos artigos 185.1.p) e 186.1.y) da presente lei, aplicaráselles o previsto nos artigos 188.f) e 189.f) respectivamente, tramitándose o procedemento sancionador de conformidade coas normas e garantías previstas na normativa vixente.
Así mesmo, a comisión das conductas indicadas anteriormente determinará a exclusión do aspirante do proceso selectivo."

Emenda nº17, ao apartado Vinte e dous ter), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Vinte e dous que quedará redactado como segue:

"Vinte e dous ter) Engádese un número 5 á disposición derradeira quinta da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coa seguinte redacción:

5. Namentres non se produza o desenvolvemento regulamentario das diferentes escalas do grupo B, o persoal de



novo ingreso e o persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativa de desenvolvemento da mesma, da escala técnica e da escala técnica operativa do Servicio de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais quedará integrado no subgrupo C1 e manterá a actual denominación de Bombeiro Forestal Xefe de Brigada. Este persoal continuarán desenvolvendo as funcións da categoría profesional de procedencia."

Emenda nº18, ao apartado Vinte e dous quater), de Adición. Artigo 6

Engádese un novo apartado Vinte e dous quarter co seguinte contido:

Vinte e dous quarter: Modifícase o número 1 da disposición transitoria terceira da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que queda redactado como segue:

"1. Entrementes non se desenvolva regulamentariamente o réxime xurídico específico do persoal directivo profesional funcionario de carreira consonte as previsións do capítulo II do título III, na Administración xeral terán a consideración de postos directivos as vicesecretarías xerais, as subdireccións xerais, as secretarías territoriais e as xefaturas territoriais. No ámbito das entidades públicas instrumentais do sector público autónomo, terán a consideración de postos directivos os equivalentes aos indicados anteriormente para a Administración xeral da comunidade autónoma que figuren nos instrumentos de ordenación do persoal."

Emenda nº19, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 9

Substitúese o texto do apartado Dous do artigo 9 que queda redactado do seguinte xeito:

"Dous. Modifícase a disposición transitoria única, que queda redactada como segue:

"Disposición transitoria única. Incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos



A incorporación das Directrices de paisaxe a plans e proxectos rexeráse polas seguintes regras:

- a) Os instrumentos de planeamento urbanístico en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado a aprobación inicial, non terán que adaptarse a elas.
- b) Os instrumentos de ordenación do territorio que, á entrada en vigor destas directrices tivesen acadado o informe ambiental estratéxico ou, no seu caso, tiveran formulado o documento de alcance do estudo ambiental estratéxico, non terán que adaptarse a elas.
- c) Os proxectos en tramitación que, á entrada en vigor destas directrices, tivesen acadado o informe de impacto ambiental ou se tivera acordado o seu sometemento a información pública, non terán que incorporar as determinacións das Directrices de paisaxe.

Emenda nº20, de Adición. Artigo 11 bis

Engádesse un novo artigo 11 bis, ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, coa seguinte redacción:

“Artigo 11 bis. Modificación da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia

A Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, queda modificada como segue:

Un. Modifícase a letra c) do número 1 do artigo 3 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que queda redactada como segue:

“c) A eliminación en vertedoiro no ano 2035 de un máximo do 10 % en peso dos residuos municipais xerados, tal como establece a Directiva (UE) 2018/850 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018.”

Dous. Modifícase a letra f) do número 2 do artigo 3 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que queda redactada como segue:

“f) Para os biorresíduos, os concellos deberán instaurar antes do 31 de decembro de 2023 ben a separación e a reciclaxe en orixe, ou ben, a recollida de forma separada sen mesturarse con outros tipos de residuos.”

Tres. Modifícase a letra f) do número 1 do artigo 5 da Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que queda redactada como segue:



“f) As materias fecais non incluídas na alínea b) do número 2 deste artigo, a palla e os demais materiais naturais non perigosos, agrícolas ou silvícolas non perigosos, utilizados en explotacións agrícolas e gandeiras, na silvicultura ou na produción de enerxía a base desta biomasa, mediante procedementos ou métodos que non poñan en perigo a saúde humana ou danen o medio ambiente.”

Catro. Modifícase o número 4 do artigo 32 da Lei 6/2021, do 17 de decembro, de residuos e solos contaminados de Galicia, que queda redactado como segue:

“4. A autorización prevista no apartado 1 deste artigo para as instalacións de tratamento de residuos quedará integrada, cando proceda, na autorización ambiental integrada concedida conforme ao Real Decreto Legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, e incluírá os requisitos recollidos neste artigo tal e como establece o artigo 22.1.g) do Real Decreto Legislativo 1/2016, do 16 de decembro. O órgano competente para emitir a autorización incorporará a información pertinente no Rexistro de Produción e Xestión de residuos nos termos do artigo 39 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.”

Cinco. Modifícase o artigo 35, que queda redactado como segue:

“1. Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable de carácter sectorial, deberán presentar unha comunicación previa ao inicio da súa actividade, ante o órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia competente en materia de residuos, as entidades ou empresas con sede social en Galicia que realicen algunha das seguintes actividades:

- a) Recollida de residuos sen unha instalación asociada.
- b) O transporte de residuos con carácter profesional.
- c) Os negociantes e axentes de residuos.
- d) Sistemas individuais de responsabilidade ampliada do produtor.

2. Sen prexuízo do disposto na normativa aplicable de carácter sectorial, as entidades ou empresas con instalacións situadas no territorio da Comunidade autónoma tamén deberán comunicar, con anterioridade ao comezo da súa actividade, a instalación, ampliación, modificación substancial ou traslado destas instalacións ao órgano da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, competente en materia de residuos, cando concorra algún dos seguintes supostos:

- a) Produzan residuos perigosos ou máis de 1.000 toneladas de residuos non perigosos.
- b) Produzan subprodutos de conformidade co disposto no artigo 8 desta lei.



- c) Leven a cabo proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación en materia de residuos.
 - d) Teñan o carácter de plataformas loxísticas de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.
 - e) Realicen operacións de xestión de terras limpas de conformidade co establecido na Orde APM/1007/2017, do 10 de outubro, sobre normas xerais de valorización de materiais naturais escavados para a súa utilización en operacións de recheo e obras distintas daquelas nas que se xeraron.
 - f) Realicen actividades de compostaxe comunitaria de biorresiduos.
 - g) Realicen actividades que estean exentas de autorización segundo o establecido no artigo 28 da Lei 22/2011, do 28 de xullo.
3. Quedan exentas de presentar comunicación aquelas empresas que obtivesen autorización para o tratamento de residuos e que, como consecuencia da súa actividade, xeren residuos. Nestes casos, e para os residuos producidos como consecuencia do mantemento das instalacións, as inscricións serán realizadas de oficio polo órgano competente para outorgar a autorización.
4. As inscricións no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos realizaranse por instalación, e soamente serán tidos en conta, para os ditos efectos, os residuos producidos na devandita instalación."

Emenda nº21, de Substitución. Artigo 16

Substitúese o texto deste artigo de tal xeito que queda redactado como segue:

"Modifícase todo o número 1 da Disposición transitoria 4ª, que queda redactada da seguinte forma:

"Disposición transitoria cuarta. Montes con consorcios ou convenios coa Administración

1. Os consorcios ou convenios de repoboación coa Administración forestal existentes nos montes no momento da entrada en vigor desta lei serán obxecto de:

a) Cancelación de oficio nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2023, nos casos seguintes:

– Montes que non presenten saldo debedor na data de entrada en vigor desta lei ou en calquera momento dentro do prazo máximo estipulado.



– Montes catalogados de dominio público que pasen a xestionarse de acordo co establecido no artigo 34 e seguintes da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia.

– Montes que non consigan os fins para os cales se subscribíse o convenio ou o consorcio por causas relacionadas co estado legal, forestal, administrativo ou económico do monte.

Considerarase que non se cumpriron estes fins, entre outras causas, cando o arborado existente ocupe unha superficie inferior ao 30 % da total do consorcio ou convenio, agás por afectación de incendios forestais posteriormente á data de entrada en vigor desta lei, polo que neste caso de afectación de incendios forestais a superficie arborada queimada se considerará como superficie arborada para os efectos do cómputo desta porcentaxe do 30 %.

Para efectos do cómputo dese 30 % non se contabilizará o arborado cunha idade inferior aos cinco anos.

b) Finalización nun prazo que rematará o 31 de decembro de 2023, momento en que deberá asinarse un contrato temporal de xestión pública que substitúa o consorcio ou o convenio finalizado. No caso de non se formalizar o devandito contrato no prazo establecido, o titular do monte deberá aboar o saldo debedor do convenio ou consorcio finalizado á Comunidade Autónoma; para iso, poderá aboalo nun único pagamento ou a través dun plan de devolución plurianual. No caso de non se producir o aboamento total ou da cota anual disposta no devandito plan, procederase á súa anotación preventiva, en concepto de carga real, das cantidades debidas á Comunidade Autónoma de Galicia no correspondente rexistro da propiedade, e non poderán ter axudas ou beneficios de ningún tipo mentres non regularicen a súa situación nos termos previstos nesta lei.

Previamente á finalización ou cancelación do convenio ou consorcio, deberá existir aprobado un instrumento de ordenación ou xestión forestal dos previstos na Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, que garanta a continuidade da xestión forestal sustentable”.

Emenda nº22, de Substitución. Artigo 17

Engádese a letra i) ao número 1 do artigo 126 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, coa seguinte redacción:



«i) Concertar contratos temporais cos axentes produtivos, de carácter voluntario, para a execución das obras correspondentes aos polígonos agroforestais, ás aldeas modelo ou ás actuacións de xestión conxunta previstos nesta lei, de acordo coas prioridades que fixe a dita Axencia.

Para estes efectos, a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobará as condicións xerais en que se realizarán estas obras e os servizos asociados, así como os negocios xurídicos derivados deles, que serán obxecto de publicación na súa páxina web, e deberán ser aceptadas polos axentes produtivos, en caso de optar pola sinatura dos ditos contratos.

Os investimentos iniciais para as obras e os servizos realizados con cargo a estes contratos poderán ser realizados pola Administración directamente ou por medio dos seus entes instrumentais. Estes investimentos terán a natureza de anticipo reintegrable, e compensaranse con cargo ás tarifas que fixe a Axencia, cuxa contía e prazo de reintegro se determinarán con base á tipoloxía do aproveitamento a realizar.

Esta actividade de prestación de servizos que se pon á disposición dos axentes produtivos terá a consideración de servizo público e rexerase polo disposto nesta lei.

No caso de que a prestación do servizo se realice en réxime de xestión indirecta, a falta de pago das tarifas establecidas no contrato como contraprestación a cargo das persoas usuarias terán a consideración de créditos de dereito público, sendo de aplicación o previsto no artigo 39 da Lei 1/201, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e de boa administración.»

Emenda nº23, de Adición. Artigo 17

Engádesse un novo artigo 17 ter co seguinte contido:

"Modifícase a Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia nas letras a) e b) do artigo 92.1.

Artigo 92. Compromisos de adhesión

“1. Ata o momento previo á elaboración da proposta de reestruturación, as persoas propietarias dos predios ou, de ser o caso, as titulares das facultades de uso e aproveitamento sobre aqueles, poderán optar ante a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural por:



- a) Asinar compromisos de venda ao axente promotor produtivo ao prezo mínimo fixado ou, de ser o caso, permutas. Estes prezos deberán ser respectados ou, se é o caso, mellorados polo axente promotor que resulte elixido conforme o proceso de concorrência establecido no artigo 97 desta lei.
- b) Asinar compromisos de arrendamento ao axente promotor produtivo, por unha duración conforme a vida útil do proxecto, ao prezo mínimo fixado no artigo 84. Estes prezos deberán ser respectados ou, de ser o caso, mellorados polo axente promotor que resulte elixido conforme o proceso de concorrência establecido no artigo 97 desta lei”.

Emenda nº24, ao apartado 17 bis), de Adición. Artigo 17

Engádesse un novo artigo 17 bis co seguinte contido:

"Modifícase o artigo 40.1 da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia co seguinte contido

A inclusión de explotacións no Banco iniciárase a solicitude das persoas interesadas en que a súa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. As solicitudes de incorporación irán acompañadas dunha declaración xurada da veracidade da información facilitada.

En calquera caso, incorporaranse ao Banco de Explotacións todas aquelas explotacións que non acrediten a súa continuidade e que reciben axudas públicas para a súa mellora no período de tempo inmediatamente anterior ao abandono da actividade, sempre que a tal condición estea expresamente establecida nas correspondentes bases reguladoras das devanditas axudas.

Unha explotación poderá estar incluída no Banco de Explotacións un período máximo de dous anos, contado a partir da data de abandono da actividade”.

<A inclusión explotacións iniciárase solicitude das persoas interesadas en que a súa explotación estea incluída no Banco Explotacións. As solicitudes de incorporación irán acompañadas dunha declaración xurada veracidade da información facilitada.



Emenda nº25, de Substitución. Artigo 24

Modifícase a redacción do artigo 24 do proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas co seguinte contido:

"Modifícase o apartado h) da alínea 2 do novo artigo 83 bis introducido na Lei 2/2017 do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación

h) Servizo de información da totalidade de servizos de transporte que se presten no termo municipal correspondente e, de xeito específico, das chegadas e saídas da propia estación en tempo real. Este servizo poderá ser prestado por medios audiovisuais accesibles e poderá ser consultado polos usuarios nunha páxina web específica da estación de autobuses."

Emenda nº26, de Adición. Artigo 24

Modifícase o artigo 24 do proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas co seguinte obxectivo:

"Engádesse un novo apartado i) no artigo 83 bis introducido na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación:

i) Servizo WIFI."

Emenda nº27, de Supresión. Artigo 34

Debe suprimirse o número 5 do artigo 34.

Emenda nº28, de Supresión. Artigo 34

Debe suprimirse, no terceiro parágrafo do número 6 do artigo 34, o seguinte inciso:

"tanto nos puntos de atención continuada como, de ser o caso, nos servizos de urxencia hospitalaria,"



Emenda nº29, de Substitución. Artigo 34

Modifícase o número 3 do artigo 34, que queda redactado como segue:

“3. Para acceder á categoría de facultativo/a especialista de atención primaria, como persoal estatutario fixo ou temporal, será indispensable estar en posesión do título oficial de médico/a especialista en Medicina Familiar e Comunitaria e, no caso do persoal fixo, superar as correspondentes probas de selección consonte o establecido na Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, e na restante normativa aplicable. A selección do persoal temporal realizarase de conformidade co disposto o artigo 33 da dita Lei 55/2003, do 16 de decembro.

Coa finalidade de diminuír o moi grave déficit de persoal médico de familia mediante a incorporación urxente do primeiro grupo de profesionais da nova categoría, e atendendo á avaliación continua e garantía de capacidade e coñecementos que outorga o sistema de formación especializada en ciencias da saúde, así como ás peculiares funcións e prestacións desa categoría, no ano 2022 tramitarase un proceso selectivo, polo sistema de concurso, para acceder á condición de persoal fixo da mesma.

Para os efectos de que poida participar o persoal médico interno residente (MIR) que está actualmente no seu último ano de formación na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, o dito concurso convocarase no segundo trimestre do ano 2022.”

Emenda nº30, de Adición. Artigo 34

Debe engadirse, ab initio, no número 2 do artigo 34, o seguinte texto:

“2. Como parte do colectivo profesional dos/as médicos/as de familia, créase...”

Emenda nº31, ao apartado Dous, de Substitución. Artigo 38



O apartado Dous do artigo 38 queda redactado como segue:

"Dous. Engádese unha disposición adicional quinta, que queda redactada como segue:

«Disposición adicional quinta. Distancias a núcleos de poboación

Como medio para asegurar a compatibilidade do desenvolvemento eólico coa ordenación do territorio e o urbanismo, a distancia dos aeroxeradores ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado será a maior destas dúas: 500 metros ou 5 veces a altura total do aeroxerador (buxe mais pala).

Estes requisitos de distancias serán aplicables ás solicitudes de autorización administrativa previa e de construción de parques eólicos cuxa implantación se proxecte no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non serán aplicables estes requisitos de distancia aos proxectos de modificacións substanciais (repotenciacións) de parques, que estean en funcionamento antes da entrada en vigor da lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, nas que para manter a súa potencia total en funcionamento exista imposibilidade técnica xustificada da súa implantación. En todo caso, os aeroxeradores deberán ubicarse á máxima distancia posible, cun mínimo de 500 metros, ás delimitacións de solo de núcleo rural, urbano ou urbanizable delimitado.»"

Emenda nº32, ao apartado Catro, de Substitución. Artigo 38

O apartado Catro do artigo 38 queda redactado como segue:

"Catro. Engádese unha disposición transitoria sétima, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria sétima. Réxime transitorio para a aplicación das distancias a núcleos de poboación establecidas na disposición adicional quinta.

1. Os requisitos de distancia establecidos na disposición adicional quinta aplicaranse ás novas solicitudes de autorización de parques eólicos, de calquera potencia, que se admitan a trámite logo da entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas.

2. Para os proxectos admitidos a trámite antes da entrada en vigor da lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos



na disposición adicional quinta serán aplicables unicamente no caso de modificacións substanciais de proxectos, solicitadas a partir da entrada en vigor da Lei xx/xx de medidas fiscais e administrativas, que por supoñer efectos ambientais distintos dos previstos inicialmente requiran o inicio dunha nova tramitación ambiental, e sempre que estas modificacións non veñan impostas por un informe sectorial que motive esta modificación. No resto dos casos, a distancia mínima á núcleos rurais, urbanos e urbanizable delimitado será de 500 m.

3. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de autorización de parques eólicos que se encontren pendentes de admisión á entrada en vigor da Lei X/XX de medidas fiscais e administrativas e que se presentaran despois do 20 de outubro de 2021.

Para estes casos, concédese un prazo de tres meses, contado desde a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para que os suxeitos promotores poidan modificar os seus proxectos ou desistir deles. En caso de que desistan, os promotores terán dereito a recuperar as garantías presentadas.»"

Emenda nº33, ao apartado Cinco, de Substitución. Artigo 38

O apartado Cinco do artigo 38 queda redactado como segue:

"Cinco. Engádese unha disposición transitoria oitava, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria oitava. Tramitación de expedientes sen permisos de acceso e conexión

1. Os proxectos admitidos a trámite con anterioridade á entrada en vigor da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, que non dispoñan de permiso de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas, para obter un permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario.

2.O resto de proxectos admitidos a trámite que perderan ou perdan a vixencia dos permisos de acceso e conexión, disporán dun prazo de 12 meses, a contar dende a entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas ou dende a data de perda de vixencia se é posterior, para obter un novo permiso de acceso e conexión, debendo procederse ao arquivo da solicitude en caso contrario.»"



Emenda nº34, de Modificación. Disposición adicional única

Modifícase a denominación da Disposición Adicional agora existente:

"Disposición adicional primeira. Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2022."

Emenda nº35, de Adición. Disposición adicional

Engádesse unha nova disposición adicional co seguinte texto:

"Disposición adicional xxxx. Medidas aplicables aos supostos de alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais nos contratos de obra pública.

Un. En atención a la concurrencia de razóns de interese xeral e para garantir a viabilidade económica dos contratos de obra pública, habílase aos órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público autonómico para a adopción das medidas previstas nesta disposición, naqueles supostos nos que se producira unha alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais tidos en conta na formalización do contrato ou, de selo caso, nas modificacións posteriores que tivera o contrato.

O contemplado nesta disposición aplicarase exclusivamente respecto daquelas obras que teñan execución despois do 1 de xaneiro de 2021, que foran licitadas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición, e unicamente respecto das variacións no custo dos materiais que se tiveran producido no período que abrangue desde o mes de xaneiro de 2021 ata a data de solicitude presentada polo contratista para a adopción dalgunha das medidas previstas nesta disposición.

Exclúense da aplicación desta disposición os contratos menores de obra.

Dous. Entenderase por alteración extraordinaria e imprevisible aos efectos desta disposición, unha variación nos custos dos materiais, individualmente considerados, superior a un 20% con respecto aos prezos que para eses materiais se recollen



no contrato, sempre e cando, illadamente ou no seu conxunto, supoña unha perda económica para o contratista superior ao 6% do importe de adxudicación do contrato ou, de selo caso, da súa modificación posterior.

A estes efectos só se terán en conta aqueles materiais que se inclúan no Índice de custos do sector da construción que elabora o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, cuxo importe, individualmente considerado, supere un 2% no orzamento de execución material da obra.

Tres. As medidas que poden adoptarse nos supostos previstos neste artigo poderán consistir en lo seguinte:

a) Unha compensación económica ao contratista consistente na diferenza entre o custo dos materiais xustificado polo contratista na súa solicitude e o prezo dos materiais recollido no contrato incluíndo, polo tanto, as porcentaxes adoptadas para formar o orzamento base de licitación e o coeficiente de adxudicación.

b) Unha modificación dos materiais tidos en conta para a elaboración do proxecto que serviu de base para a licitación, que permita un abaratamento dos seus prezos e que non implique unha minoración na funcionalidade da obra en execución. Neste caso deberase optar, na medida do posible, por materiais de proximidade cuxa elección responda a criterios que permitan unha redución das emisións e da pegada de carbono.

En todo caso, a adopción de calquera destas medidas acordarase necesariamente dentro dos límites das dotacións consignadas cada ano no orzamento dos distintos órganos de contratación.

Catro. O procedemento para a adopción dalgunha das medidas previstas nesta disposición iniciarase mediante solicitude do contratista dirixida ao órgano de contratación.

O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte á entrada en vigor desta disposición e, en todo caso, antes de que se emita a certificación final de obra.

O contratista deberá adxuntar a dita solicitude a documentación xustificativa que acredite fehacientemente tanto a existencia dunha alteración extraordinaria e imprevisible dos prezos dos materiais tidos en conta para a formalización do contrato como a realidade, efectividade e importe da perda sufrida como consecuencia da variación no custo dos materiais soportado polo contratista.

A solicitude deberá incluír, en todo caso, o cálculo da compensación que procedería, para o que deberá terse en conta o Índice de custos do sector da construción que elabora o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que actuará como límite máximo a ter en conta polo concepto



“custo dos materiais xustificada polo contratista na súa solicitude” a que se refire o parágrafo a) do punto anterior.

Recibida a solicitude, o órgano de contratación procederá ao seu estudo tendo en conta as certificacións de obra emitidas desde o 1 de xaneiro de 2021, podendo realizar calquera outros actos de instrución que considere necesarios para a súa comprobación. Unha vez examinada a solicitude, o órgano de contratación elaborará proposta de resolución, da que dará audiencia ao contratista por un prazo de 10 días hábiles.

Finalizado o trámite de audiencia, o órgano de contratación, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Delegada, ditara resolución.

O prazo máximo para resolver será de tres meses desde a presentación da solicitude.

O transcurso do prazo máximo para resolver sen que se tivera notificado resolución expresa ningunha lexítima ao contratista para entender desestimada por silencio a solicitude presentada.

Cinco. Nos supostos da presente disposición, cando non sexa posible a adopción dalgunha das medidas previstas, o órgano de contratación poderá optar pola resolución do contrato de conformidade có establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público.

No caso de que o órgano de contratación acorde resolver o contrato, os órganos de contratación deberán proceder a unha nova licitación coa finalidade de rematar a obra.

Do mesmo modo, de acordo có disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, cando concorra unha situación que supón grave perigo, quedará lexitimado o órgano de contratación para acudir ao procedemento de emerxencia para a execución da obra inacabada que permita garantir a prestación do servizo público afectado.

Sen prexuízo doutros supostos, entenderase que concorre unha situación que supón grave perigo cando a obra afecte a un servizo público en funcionamento e se comprometa, tanto a viabilidade do servizo prestado, como a integridade física dos destinatarios do mesmo ou de quenes o prestan.

Nestes supostos, os órganos de contratación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico poderán impoñer como condición aos novos contratistas a asunción da parte de infraestrutura xa executada e de tódolos riscos de construción inherentes á mesma.

Seis. Esta disposición será de aplicación sen prexuízo da regulación que se estableza na lexislación básica para estes supostos. En todo caso, as cantidades percibidas ao abeiro desta Disposición deberán ser computadas e tidas en



consideración en calquera outra resolución ou medida que se poida acordar en orde a garantir a viabilidade económica do contrato, de xeito que non poida obterse unha dobre compensación pola mesma causa."

Emenda nº36, de Substitución. Disposición derogatoria única

Modifícase a disposición derogatoria única do proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que queda redactada como segue:

"Disposición derogatoria única. Derogación normativa
Quedan derogadas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto na presente lei."

Emenda nº37, de Substitución. Disposición derradeira cuarta

Modifícase a disposición adicional cuarta da Lei de Medidas que pasa a ser redactada como segue:

"Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2022"

Emenda nº38, de Adición. Disposición derradeira quinta

Engádesse unha disposición final ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, coa seguinte redacción:

"Disposición derradeira quinta. Modificación das inscricións do Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos
As modificacións das inscricións no Rexistro de Produtores e Xestores de Residuos, necesarias para cumprir co establecido no artigo 35.4 realizaranse de oficio polo órgano competente da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, no prazo máximo de dous anos dende a entrada en vigor da Lei de medidas fiscais e administrativas para o ano 2022."



Emenda nº39, de Substitución. Exposición de motivos

Modifícase a Alínea 2 e 3 do apartado II da Exposición de motivos da Lei de Medidas que pasa a estar redactado da seguinte forma:

“O capítulo I introduce medidas en materia de tributos cedidos. Así, no referido ao imposto sobre a renda das persoas físicas, na senda iniciada pola Xunta de Galicia no 2014 e continuada no 2016, modifícase a escala aplicable ao tramo autonómico do IRPF para partir do 1/1/2022 para o 90% dos contribuíntes, co obxectivo de seguir reducindo e redistribuíndo a carga tributaria, aumentando a renda dispoñible en mans das familias, fomentando o aforro e o investimento e mellorando a competitividade das empresas, ademais de conseguir un sistema tributario máis equitativo, para as rendas medias e baixas. Ademais, para favorecer e propiciar o acollemento familiar modifícase a dedución na cota do IRPF por acollemento para que esta sexa aplicable no caso de acollemento pola familia extensa do menor.

En relación ao imposto de patrimonio, establécese unha bonificación do 25% da cota, có obxectivo de adaptarnos ao noso entorno da UE e modifícanse as referencias aos casos en que é incompatible a dedución por creación de novas empresas ou ampliación da actividade das empresas de recente creación”.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/11/2021 18:14:50



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS E
ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000012).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Substituír o texto do artigo 1 polo seguinte:

“Artigo 1. Imposto sobre a renda das persoas físicas
Modifícase o artigo 4 do Texto Refundido das disposicións
legais da Comunidade
Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos, aprobado
polo Decreto Lexislativo
1/2011, do 28 de xullo, que queda redactado como segue:
“Artigo 4. Escala autonómica ou complementaria do imposto
sobre a renda das persoas
físicas.
A escala autonómica aplicable á base liquidable xeral do
imposto sobre a renda das
persoas físicas será a seguinte:

Base liquidábel até euros	Cota íntegra. Euros	Resto base liquidábel até euros	Tipo aplicábel porcentaxe
0	0	12.450	9,4
12.450	1.170,30	7.750	11,65
20.200	2.073,18	7.500	14
27.700	3.123,18	7.500	17
35.200	4.398,18	12.400	20
47.600	6.878,18	12.400	21,5
60.000	9.544,18	40.000	23
100.000	18.744,18	En diante	24,5

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1 bis

Engadir un novo artigo 1 bis co seguinte texto:



“Artigo 1 bis. Imposto sobre o Patrimonio

O artigo 13 do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Artigo 13. Mínimo exento

O mínimo exento no imposto sobre o patrimonio establécese en 300.000 euros.

O artigo 13 bis do texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galiza en materia de tributos cedidos polo Estado, aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, queda modificado como segue:

Artigo 13 bis. Cota íntegra

A base liquidábel do imposto gravarase aos tipos da seguinte escala:

Base liquidábel até euros	Cota íntegra. Euros	Resto base liquidábel até euros	Tipo aplicábel porcentaxe
-	-	167.129,45	0,3
167.129,45	501,39	167.123,43	0,6
334.252,88	1.504,13	334.246,87	1,0
668.499,75	4.846,60	668.499,74	1,8
1.336.999,50	16.879,59	1.336.999,50	2,6
2.673.999,01	51.641,58	2.673.999,02	3,4
5.347.998,03	142.557,55	5.347.998,03	4,2
10.695.996,07	367.173,46	en diante	5,0

Emenda nº3, de Adición. Artigo 1 ter

Engadir un novo artigo 1 ter polo que se modifica o apartado b) do artigo 6.Dous do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo co seguinte texto:

“Artigo 1 ter. Imposto sobre Sucesións e Doazóns

A letra b) do número dous do artigo 6 do decreto legislativo 1/2011 do 28 de xullo queda modificado como segue:

“b) Grupo II: adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou mais, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 200.000 euros”



Emenda nº4, de Supresión. Artigo 2

Suprimir o artigo 2.

Emenda nº5, de Supresión. Artigo 4

Suprimir o artigo 4.

Emenda nº6, ao apartado 2.Trinta, de Adición. Artigo 5

Engadir un novo subapartado Trinta no apartado 2 do artigo 5 coa seguinte redacción:

“Trinta. Modifícase o apartado g) do número 2 do artigo 40 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia que queda redactado como segue:

g) Cando nas concesións ou autorizacións de dominio público portuario outorgadas a outras administracións ou a entidades náuticas ou culturais sen ánimo de lucro para actividades de ensinanza da náutica deportiva ou de conservación ou recuperación de embarcacións tradicionais terá unha bonificación do 100% no que se refire exclusivamente a estas actividades, sempre que non sexan obxecto de explotación económica.”

Emenda nº7, de Adición. Artigo 5 bis

Engadir un novo artigo 5 bis co seguinte texto:

“Artigo 5 bis. Imposto sobre as grandes superficies comerciais. Un. Establécese, como tributo propio da Comunidade Autónoma, un imposto sobre as grandes superficies comerciais, entendendo por tais os establecementos individuais que teñan unha superficie de venda igual ou superior a 2.500 m2 dedicados á venda ao por menor, excluídos os establecementos de venda de vehículos a motor, maquinaria industrial, materiais de construción e produtos agrícolas e de xardinaría.



Dous. Este imposto grava a capacidade e incidencia económica e social singulares dos establecementos comerciais que desenvolven a súa actividade en grandes superficies, atendendo as externalidades sociais, económicas e ambientais que producen.

Tres. O feito imponible vén constituído pola utilización de grandes superficies con finalidade comercial.

Catro. É suxeito pasivo deste imposto a persoa física ou xurídica titular do grande establecemento comercial, estea xa ou non situado nun centro comercial colectivo.

Cinco. A base imponible do imposto constitúe a superficie total do establecemento comercial individual expresada en metros cadrados.

Seis. O tipo de gravame é de 30 euros por metro cadrado.

Sete. Aplicarase unha redución do 50 por 100 da cota tributaria aos grandes establecementos dedicados á venda de mobiliario, artigos de saneamento, artigos de bricolaxe e portas e xanelas.

Oito. Bonificacións. Establécese unha bonificación de ata o 30 por 100 para os grandes establecementos que contén con acceso dun ou máis medios de transporte público. Regulamentariamente desenvolveranse os termos e condicións desta bonificación.

Nove. O período impositivo coincide co ano natural.”

Emenda nº8, de Adición. Artigo 5 ter

Engadir un novo artigo 5 ter polo co seguinte texto:

“Artigo 5 ter. Imposto sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión

Un. Obxecto do imposto

O imposto medioambiental sobre as redes de transporte de enerxía eléctrica de alta tensión situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza ten por obxecto gravar a concreta capacidade económica que se manifesta na xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma por estas instalacións eléctricas a través de elementos fixos de alta tensión.

Dous. Feito imponible

1. O dano medioambiental causado pola xeración de afeccións e impactos ambientais e visuais na contorna natural da Comunidade Autónoma de Galiza pola realización de actividades de transporte de enerxía eléctrica para o



subministro a través de elementos fixos de alta tensión constitúe o feito imponible do imposto.

2. Entenderase producido o dano medioambiental aínda cando as instalacións para o transporte e subministro de enerxía eléctrica a través de elementos fixos de alta tensión se atopen en desuso ou non entren en funcionamento.

Tres. Obrigados/as tributarios/as

1. Son suxeitos pasivos do imposto, en calidade de contribuíntes, quen realicen as actividades que causan o dano medioambiental ou exploten as instalacións que xeren o feito imponible do imposto.

2. Será responsable solidario do pago do imposto o/a propietario/a das instalacións que xeren o feito imponible cando non coincidan con quen as exploten.

Catro. Base imponible e cota tributaria

1. A base imponible do imposto estará constituída polos quilómetros de tendido eléctrico en redes de capacidade igual ou superior aos 220 kW.

2. A cota tributaria do imposto resulta de aplicar un tipo de gravame en función da lonxitude e a capacidade do tendido eléctrico. Concretamente, os tipos de gravame serán os seguintes:

Base Imponible	Tipo/euros
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 220 kW. e menor de 400 kW.	700 €
Por cada quilómetro de lonxitude da liña de transporte de enerxía eléctrica de tensión igual ou superior a 400 kW.	1.150 €

3. No caso de que a instalación ou elementos fixos se atopen en desuso, terase en conta a efecto do cálculo da base imponible coma se a capacidade do tendido eléctrico fora de 220 kW."

Cinco. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo."

Emenda nº9, de Adición. Artigo 5 quater

Engadir un novo artigo 5 quater co seguinte texto:



“Artigo 5 quater. Imposto sobre as vivendas baleiras

Un. Natureza, obxecto e ámbito territorial de aplicación

1. O imposto sobre as vivendas baleiras é un tributo propio da Xunta de Galiza, de natureza directa, que grava o incumprimento da función social da propiedade das vivendas polo feito de permanecer desocupadas de forma permanente.

2. O imposto sobre as vivendas baleiras é aplicable no ámbito territorial de Galiza.

Dous. Feito imponible

Constitúe o feito imponible do imposto sobre as vivendas baleiras a desocupación permanente dunha vivenda durante máis de dous anos sen causa xustificada, posto que dita desocupación afecta á función social da propiedade da vivenda.

Tres. Definicións

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, enténdese por:

a) Vivenda: a edificación fixa destinada á residencia de persoas físicas ou utilizada con este fin, incluídos os espazos e os servizos comúns do inmovible en que está situada e os anexos que están vinculados a ela, si ten acreditado o cumprimento das condicións de habitabilidade e cumpre a función social de aportar ás persoas que residen nela o espazo, as instalacións e os medios materiais necesarios para satisfacer as súas necesidades persoais ordinarias de habitación.

b) Vivenda baleira: a vivenda desocupada permanentemente, sen causa xustificada, durante máis de dous anos.

Catro. Ocupación da vivenda

Acredítase que unha vivenda está ocupada si o seu propietario dispón dun título, como o de arrendamento ou calquera outro análogo, que habilita a ocupación, e xustifícase documentalmente por calquera medio de proba admisible en dereito.

Cinco. Cómputo do período de dous anos

1. O cómputo do período de dous anos ao que se refire o punto 3 iníciase a partir da data en que a vivenda está a disposición do propietario para ser ocupada ou para ceder o seu uso a un terceiro, e non existe causa algunha que xustifique a súa desocupación. É necesario que durante estes dous anos o suxeito pasivo sexa titular de a vivenda de forma continuada.

2. No caso das vivendas de nova construción, enténdese que existe dispoñibilidade para que a vivenda sexa ocupada a partir de tres meses a contar desde a data do certificado final de obra.

3. É causa de interrupción do cómputo dos dous anos a ocupación da vivenda durante un período de, como mínimo, seis meses continuados.



Seis. Causas xustificadas de desocupación dunha vivenda

Ao efecto do imposto sobre as vivendas baleiras, son causas xustificadas de desocupación dunha vivenda os seguintes supostos:

a) Que a vivenda sexa obxecto dun litixio xudicial pendente de resolución no que ten a ver coa súa propiedade.

b) Que a vivenda se teña que rehabilitar. Neste caso, as obras deben xustificarse cun informe emitido por un técnico con titulación académica e profesional que o habilite como proxectista, director de obra ou director da execución da obra en edificación residencial de vivendas, que debe indicar que as obras son necesarias para que a vivenda poida ter as condicións mínimas de habitabilidade esixidas pola normativa vixente.

Soamente pode alegarse esta causa nun único período impositivo, e pode ampliarse a un segundo exercicio sempre que se acredite que as obras se iniciaron durante o primeiro.

c) Que a vivenda, previamente á aprobación da presente lei, estea hipotecada con cláusulas contractuais que imposibiliten ou fagan inviable destinala a un uso distinto ao que se previu inicialmente, cando se outorgou o financiamento, sempre que o suxeito pasivo e o acredor hipotecario non formen parte do mesmo grupo empresarial.

d) Que a vivenda estea ocupada ilegalmente e o propietario teña documentalmente acreditado.

e) Que a vivenda forme parte dun edificio adquirido integramente polo suxeito pasivo nos últimos cinco anos, para a súa rehabilitación, e sempre que teña unha antigüidade de máis de corenta e cinco anos e conteña vivendas ocupadas que fagan inviable tecnicamente o inicio das obras de rehabilitación.

Sete. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos do imposto, a título de contribuíntes, as persoas xurídicas

propietarias de vivendas baleiras sen causa xustificada durante máis de dous anos.

Tamén son suxeitos pasivos as persoas xurídicas titulares dun dereito de usufruto, dun dereito de superficie ou de calquera outro dereito real que outorgue a facultade de explotación económica da vivenda.

2. Non obstante o establecido polo punto 1, os grupos fiscais ou grupos de sociedades

poden optar por tributar baixo o réxime de consolidación neste imposto. As entidades que integran un grupo de sociedades ou un grupo fiscal e optan por aplicar o réxime de consolidación fiscal non tributan en réxime individual. En tal caso, a condición



de suxeito pasivo recae sobre o grupo fiscal ou o grupo de sociedades. A sociedade dominante ten a representación do grupo e está suxeita ao cumprimento das obrigacións tributarias materiais e formais que deriven do réxime de consolidación fiscal.

3. A opción pola tributación consolidada e as obrigas derivadas desta

tributación regúlanse por vía regulamentaria.

Oito. Exencións

1. Quedan exentos do imposto as entidades do terceiro sector así como as seguintes vivendas:

a) As vivendas protexidas con cualificación oficial vixente.

b) As vivendas situadas en zonas de escasa demanda acreditada.

c) As vivendas postas a disposición de programas sociais de vivenda, acordados coas administracións públicas, para ser destinadas a programas de aluguer social de vivenda.

d) As vivendas destinadas a usos regulados pola lexislación turística ou a outras actividades económicas non residenciais, sempre que os seus titulares poidan acreditar que desenvolveron a actividade dentro dos últimos dous anos, e se teñen satisfeito os tributos correspondentes á actividade desenvolvida e se declararon os ingresos obtidos por esta actividade. No caso de vivendas de uso turístico é necesario, ademais, que estean inscritas no rexistro xestionado polo departamento competente en materia de turismo.

Nove. Base imponible

1. Constitúe a base imponible do imposto sobre as vivendas baleiras o número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto de que é titular o suxeito pasivo na data de devindicación do imposto, reducida en 160 metros cadrados en concepto de mínimo exento.

2. Si se optou pola tributación consolidada, a base imponible está constituída polo número total de metros cadrados das vivendas suxeitas ao imposto das que son titulares as persoas xurídicas integradas en o grupo fiscal ou grupo de sociedades, reducida no número de metros cadrados que resulte de multiplicar o mínimo exento establecido polo apartado 1 polo número de persoas xurídicas titulares de vivendas suxeitas ao imposto integradas no grupo.

Dez. Desenvolvemento regulamentario do tributo

Facúltase ao Goberno para que dite as disposicións necesarias para desenvolver e aplicar o disposto polo presente artigo.”



Emenda nº10, de Adición. Artigo 5 quinquies

Engadir un novo artigo 5 quinquies co seguinte texto:

“Artigo 5 quinquies. Canon eólico.

Os artigos 14, 15 e 16 da Lei 8/2009, de 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental, quedan substituídos polos que seguen:

“Artigo 14. Base imponible.

1. Constitúe a base imponible a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes nun parque eólico situado no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
2. No caso de parques eólicos que se estendan máis alá do límite territorial da comunidade autónoma, a base imponible estará constituída pola suma das potencias unitarias nominais de unidades de aerogeradores instalados no territorio galego.
3. Para a determinación da base imponible teranse en conta as circunstancias concorrentes na data de devengo. No caso de que o número de aerogeradores varíe ao longo do período impositivo, a base imponible calcularase prorrateando por días o período de explotación de cada aerogenerador respecto ao total do número de días do ano natural.

Artigo 15. Tipo de gravame e cota tributaria.

1. A cota tributaria vén determinada pola aplicación á base imponible dos seguintes tipos de gravame anuais:

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 3 megawatts: 0 euros por megawatt.
- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 15 megawatts e igual ou superior a 3 megawatts: 2.500,00 euros por megawatt.
- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 25 megawatts e igual ou superior a 15 megawatts: 5.000,00 euros por megawatt.
- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa inferior a 35 megawatts e igual ou superior a 25 megawatts: 7.500,00 euros por megawatt.
- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa



inferior ou igual a 50 megawatts e igual ou superior a 35 megawatts: 10.000,00 euros por megawatt.

- En parques eólicos onde a suma das potencias unitarias nominais das unidades de aerogeradores existentes sexa superior a 50 megawatts: 12.500,00 euros por megawatt.

2. Durante o primeiro ano de explotación do parque eólico e durante o último ano os tipos de gravame ratearanse en función do número de días do período impositivo.

3. A modificación dos importes desta tarifa require informe previo do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

Artigo 16. Bonificacións na cota

1. Cando como consecuencia dun proxecto de repotenciamento teña lugar unha redución efectiva das unidades aerogeneradoras, a contía da cota que debe satisfacerse terá unha redución do 15% durante os cinco primeiros anos de funcionamento do parque repotenciado.

2. Esta bonificación terá carácter rogado e para o seu recoñecemento será necesaria a comunicación do proxecto de repotenciación ao órgano competente da Administración da comunidade autónoma e a acreditación efectiva da redución das unidades de aerogeradores.

3. A consellaría competente en materia de enerxía establecerá o procedemento para o recoñecemento da bonificación.”

Emenda nº11, de Supresión. Artigo 34

Suprimir o artigo 34.

Emenda nº12, de Adición. Disposición adicional segunda

Engadir unha nova disposición adicional co seguinte texto:

”Disposición adicional segunda

Recoñécese o carácter público das tres fundacións hospitalarias de xestión dos institutos de investigación biomédica de Galiza, e a súa dependencia da Axencia do Coñecemento en Saúde.”





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/11/2021 17:37:25
Nº Rexistro: 25075
Data envío: 17/11/2021 17:37:25.490

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/11/2021 16:49:43

CSV: BOPGDSPG-pjTYCT5Km-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI DE MEDIDAS FISCAIS
E ADMINISTRATIVAS (NUM. EXPE. 11/PL-000012).**

Emenda nº1, de Modificación. Artigo 1

Modificación do artigo 1, que quedará redactado co seguinte contido :

“Modifícase o artigo 4 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

A escala autonómica de aplicación á base liquidable xeral do imposto sobre a renda das persoas físicas será a seguinte:

Base Liquidable	Cota íntegra	Resto da Base liquidable	Tipo Aplicable
Ata euros	Euros	Até euros	Porcentaxe
0	0	12.450	9,50%
12.450	1.182,00	7.750	11,75%
20.200	2.093,00	7.500	15,50%
27.700	3.255,00	7.500	17,00%
35.200	4.530,00	12.400	18,50%
47.600	6.824,00	12.400	21,00%
60.000	9.428,00	40.000	23,50%
100.000	18.828	En diante	25,00%

Emenda nº2, de Adición. Artigo 1

Adición dun novo artigo 1. bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 1. bis)



Modifícase o artigo 5 do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado

Un.

1. Na letra a) do punto Un deste artigo, débese engadir un novo parágrafo, que terá o seguinte contido: "A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo polo menos na contía do investimento realizado."

2. Débese engadir un novo parágrafo despois da letra a) do punto Dous, que terá o seguinte contido: "A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

3. Na letra a) do punto Tres deste artigo, débese engadir un novo parágrafo que terá o seguinte contido:

"A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo del, polo menos, na contía do investimento realizado."

4. No número 1, do punto Catro, onde di: "... de uso residencial vivenda ...", debe dicir: "... de uso residencial vivenda habitual ..."

5. Na letra a), do número 1, do punto Catro, onde di: "... suxeito pasivo.", debe dicir: "... por declaración."

6. No punto Catro, número 3, letra a), débese engadir na primeira liña despois de: "... enerxética do edificio, ..." a seguinte expresión: "... ou vivenda familiar, ..."

7. No punto Catro deste artigo, débese engadir un novo número 5 bis, que terá o seguinte contido:

"5 bis. A aplicación da dedución por obras de mellora de eficiencia enerxética en edificios de vivendas ou vivendas unifamiliares, sempre que constitúan a vivenda habitual, requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

8. Débese engadir un novo punto Catro bis), que terá o seguinte contido: "O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:



a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.

b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.

Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente. Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente. Esta dedución aplicárase ao contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

9. Débese engadir un novo punto Catro ter), que terá o seguinte contido:

a) Que a súa idade, na data da devindicación do imposto, sexa igual ou inferior a 35 anos ou estea en situación de desemprego rexistrado nunha oficina de emprego que acepten un posto de traballo situado nun municipio distinto ao da súa vivenda habitual sempre que este novo traballo esixa o traslado da súa residencia habitual a un novo municipio, mulleres vítimas de violencia de xénero, contribuíntes con discapacidade igual ou superior ao 65 % e persoas que, como consecuencia dun proceso de separación ou divorcio, se vexan obrigadas a abandonar o domicilio familiar."

10. Débese engadir un novo punto Catro quater, que terá o seguinte contido:

Os contribuíntes que durante o exercicio accedan a internet mediante a contratación de liñas de alta velocidade poderán deducir da cota íntegra autonómica o 30 % das cantidades satisfeitas no concepto de cota de alta e cotas mensuais, cun límite máximo de 100 euros sempre que a base imponible non exceda de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta, e segundo os seguintes requisitos:

a) Só se poderá aplicarse no exercicio no que se subscribe o contrato de conexión a liñas de alta velocidade.

b) A liña de alta velocidade contratada estará destinada ao uso exclusivo do fogar e non estará vinculada ao exercicio de calquera actividade empresarial ou profesional.

c) Non resultará aplicable se o contrato de conexión supón simplemente un cambio de compañía prestadora do servizo e o contrato coa compañía anterior se realizou noutro exercicio.

Tampouco resultará aplicable cando se contrate a conexión a unha liña de alta velocidade e o contribuínte manteña, ao



mesmo tempo, outras liñas contratadas en exercicios anteriores.

d) O límite máximo da dedución aplícase respecto de todas as cantidades satisfeitas durante o exercicio, ben correspondan a un só contrato de conexión, ben a varios que se manteñan simultaneamente."

11. Débese engadir un novo punto Catro quintus, que terá o seguinte contido:

"2 bis. Para os contribuíntes con base imponible superior a 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, a dedución establecida no punto 1) reducirase nun 50 %."

12. Débese engadir un novo punto Catro sextus, que terá o seguinte contido:

"Os contribuíntes sempre que a súa base non exceda de 40.000 euros en tributación individual ou 60.000 euros en tributación conxunta, poderán deducir da cota íntegra autonómica o 15 % das cantidades investidas no exercicio na rehabilitación de inmobles situados nos centros históricos que mediante orde se determinen, cun límite de 9.000 euros.

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado.

Para estes efectos, consideraranse rehabilitación as obras que cumpran os seguintes requisitos:

a) Que dispoñan dos permisos e autorizacións administrativas correspondentes.

b) Que teñan por obxecto principal a reconstrución do inmovible mediante a consolidación e o tratamento das estruturas, fachadas ou cubertas e outras obras análogas, sempre que o custo global das operacións de rehabilitación exceda do 25 % do prezo de adquisición, se se efectuou esta durante os dous anos inmediatamente anteriores ao comezo das obras de rehabilitación, ou, noutro caso, do valor de mercado que teña o inmovible no momento do devandito inicio.

Para estes efectos, descontarase do prezo de adquisición ou do valor de mercado do inmovible a parte proporcional correspondente ao solo. Cando non se coñeza o valor do solo, este calcularase rateando o custo de adquisición satisfeito ou o valor de mercado entre os valores catastrais do solo e da construción de cada ano. Na orde que delimite os centros históricos establecerase a xustificación documental necesaria que acredite a pertenza do ben ao devandito centro."

13. Débese engadir un novo punto Catro septimus, que terá o seguinte contido:



"O contribuínte que posúa o título de familia numerosa na data de devengo do imposto e sempre que a base imponible non exceda de 50.000 euros en tributación individual ou 70.000 en tributación conxunta, poderá deducir da cota íntegra autonómica as seguintes cantidades:

- a) 250 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría xeral.
- b) 400 euros, cando se trate de familias numerosas de categoría especial.

Cando algún dos cónxuxes ou descendentes aos que sexa de aplicación o mínimo persoal e familiar do imposto teña un grao de minusvalía igual ou superior ao 65 %, a dedución anterior será de 500 e 800 euros respectivamente.

Esta dedución practicaráa o contribuínte co que convivan os restantes membros da familia numerosa. Cando convivan con máis dun, o importe será rateado por partes iguais."

14. Débese engadir un novo punto Catro octavus, que terá o seguinte contido:

Dous. Dedución por nacemento ou adopción de fillos e fillas.

1. O contribuínte poderá deducir da cota íntegra autonómica por cada fillo nacido ou adoptado no período impositivo, que conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto, a seguinte contía:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa maior ou igual de 22.000,01 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta.

En caso de parto múltiple, esta dedución ascenderá a 360 euros por cada fillo.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta.

Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes. A contía incrementarase nun 20 % para os contribuíntes residentes en municipios de menos de 5.000 habitantes e nos resultantes de procedementos de fusión ou incorporación.

2. A dedución estenderase aos dous períodos impositivos seguintes ao nacemento ou adopción, sempre que o fillo nacido ou adoptado conviva co contribuínte na data da devindicación do imposto que corresponda a cada un deles, segundo as seguintes contías e límites de renda:

a) 300 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF estea comprendida entre 22.000,01 e 31.000 euros e non excede de



40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta.

b) 360 euros, sempre que a base imponible total menos os mínimos persoal e familiar para os efectos do IRPF sexa menor ou igual a 22.000 euros e non excede de 40.000 euros en tributación individual e 60.000 euros en tributación conxunta. Esta contía será de 1.200 euros se se trata do segundo fillo e de 2.400 se se trata do terceiro fillo ou seguintes.

3. Cando, no período impositivo do nacemento ou adopción, ou nos dous seguintes, os fillos ou fillas convivan con ambos os dous proxenitores a dedución practicarase por partes iguais na declaración de cada un deles.

4. As contías fixadas por esta dedución duplicaranse no caso de que o nacido ou adoptado teña recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %."

15. Débese engadir un novo punto Dezanove. bis), que terá o seguinte contido:

"Os contribuíntes poderán deducir o 3 % das cantidades satisfeitas pola adquisición ou rehabilitación dunha vivenda nova que estea situada no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, que constitúa o vaia constituír a vivenda habitual do contribuínte, sempre que teña a súa residencia habitual en Galicia e que a súa base imponible total non supere a contía de 22.000 euros en tributación individual ou 31.000 euros en tributación conxunta. A base máxima desta dedución virá constituída polo importe anual establecido como límite para a dedución de vivenda habitual contemplada pola normativa vixente. A porcentaxe de dedución será do 5 % se a adquisición ou rehabilitación se produce en calquera concello con poboación de menos de 5.000 habitantes.

A aplicación desta dedución requirirá que o importe do patrimonio do contribuínte ao finalizar o período impositivo exceda do valor que arroxase a súa comprobación ao seu comezo, polo menos, na contía do investimento realizado."

16. Débese engadir un novo punto Dezanove Ter), que terá o seguinte contido:

"As persoas contribuíntes que sexan nais ou pais de familia monomarentais ou monoparentais na data de devindicación do imposto, terán dereito a aplicar na cota íntegra autonómica unha dedución de 400 euros. A dedución incrementarase adicionalmente en 200 euros por cada ascendente maior de 75 anos ou de calquera idade con discapacidade igual ou superior ao 33 % ou dependencia recoñecida, calquera que sexa a súa idade, que xere o dereito á aplicación do mínimo por ascendentes. Cando varias persoas contribuíntes teñan dereito á aplicación da dedución prevista no parágrafo anterior, estarase ás normas de prorrateo, convivencia e demais límites



previstos na normativa estatal do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

A suma das bases impositibles xeral e de aforro non debe superar 40.000 euros en tributación individual ou a 65.000 euros en caso de tributación conxunta.

Terán a consideración de familia monomarental ou monoparental a formada pola nai ou pai e todos os fillos e fillas que convivan con un ou outro e que reúnan algún dos seguintes requisitos:

- Fillos ou fillas menores de idade, con excepción dos que, co consentimento dos pais ou nais, vivan independentes destes.
- Fillos ou fillas maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos a patria potestade prorrogada ou rehabilitada."

17. No punto Cinco deste artigo, débese engadir un novo número 2 bis, que terá o seguinte contido:

"2 bis. A dedución na cota íntegra autonómica polas axudas e subvencións recibidas polos deportistas de alto nivel de Galicia terá un límite de 60.100 euros anuais."

Emenda nº3, de Supresión. Artigo 2

Supresión do artigo 2.

Debe suprimirse

Emenda nº4, de Adición. Artigo 2

Adición dun artigo 2. bis) Un. que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2. bis) Un. Modifícase o artigo 13 do Textos Refundido das disposicións Legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, que quedará redactado co seguinte contido:

1. "O mínimo exento sobre o patrimonio establécese en 400.000 euros, excluindo da devandita contía a cantidade máxima de ata 400.000 euros correspondente á vivenda habitual."



Emenda nº5, de Adición. Artigo 2

Adición dun novo artigo 2. bis) Dous, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 2. bis) Dous. Modifícase o artigo 13 bis do Texto Refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado aprobado polo Decreto legislativo 1/2011, do 28 de xullo, regulando a seguinte escala de gravame:

Base liquidable ata euros	Cota euros	Resto base liquidable ata euros	Tipo aplicable porcentaxe
-	-	167.129,45	0,24
167.129,45	401,11	167,123,43	0,36
334.252,88	1.002,76	334.246,87	0,61
668.499,75	3.041,66	668.499,76	1,09
1.336.999,51	10.328,31	1.336.999,50	1,57
2.673.999,01	31.319,20	2.673.999,02	2,06
5.347.998,03	86.403,58	5.347998,03	2,54
10.695.996,06	222.242,73	En diante	3.03

Emenda nº6, de Adición. Artigo 2

Adición dun novo artigo 2. Ter), que quedará redactado co seguinte texto:

"Artigo 2. ter) Modifícase o artigo 11 da Lei 15/2008, do 19 de decembro, do imposto sobre o dano medioambiental causado por determinados usos e aproveitamentos da auga encorada, que quedará redactado do seguinte xeito:

1. A cota tributaria do imposto determinarase por aplicación do tipo de gravame trimestral, 1.200 euros por hm3, á base imponible.



2. De acordo co establecido no artigo 4 desta lei, o aumento da recadación producida queda afecto á conservación, reparación e restauración medio ambiental e en especial á cuestión relativa a eliminación de residuos.

3. O aumento producido neste imposto non poderá ser trasladado ás persoas consumidoras."

Emenda nº7, de Modificación. Artigo 3

Modifiación do artigo 3., que quedará redactado co seguinte contido:

"Modifícase o artigo 14 . do Decreto Lexislativo 1/2011, do 28 de xullo, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de tributos cedidos polo Estado.

UN . Tipo de gravamen xeral:

Con carácter xeral, nas transmisións de inmobles, así como na constitución e na cesión de dereitos reais que recaigan sobre os mesmos, excepto os dereitos reais de garantía, a cuota tributaria se obtendrá aplicando sobre a base liquidable o tipo de gravamen que resulte da seguinte tarifa atendendo o valor íntegro do ben ou dereito, con independencia de que a transmisión, constitución ou cesión obxecto de gravame non se realice sobre a totalidade do mesmo

valor do ben o dereito entre 0 y 300.000 euros	tipo aplicable 9 %
300.000 en diante	10 %"

Emenda nº8, de Adición. Artigo 4

Adición dun novo artigo 4. bis) que quedará redactado co seguinte contido:



"Artigo 4. Bis). Derrogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular o art.6 para acadar así a reposición do articulado restritivo en 24 dereitos dos empregados e empregadas públicas, sinaladamente no relativo á compensación de xornadas de domingos e festivos e días especiais, 24 e 31 de decembro."

Emenda nº9, ao apartado 2.Un bis), de Adición. Artigo 5

Adición dun novo artigo 5.2.Dous.bis), engádense tres novos parágrafo ao artigo 28, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 5.2. Un. bis).

3. Establécese unha bonificación dun 70 % do importe das tarifas da taxa regulada no artigo 26.4 desta lei para embarcacións tradicionais con independencia da súa antigüidade.

4. Establécese unha bonificación dun 20 % do importe das tarifas da taxa regulada no artigo 26.4 desta lei para as embarcacións que se destinen a usos sociais con independencia da súa titularidade.

5. As bonificación dos apartados 3º e 4º do presente artigo serán compatibles."

Emenda nº10, ao apartado Cinco, de Modificación. Artigo 6

Modificación do Artigo 6.Cinco.

"A adquisición da condición de persoal funcionario Interino exige, unha vez seleccionado nos termos previstos na alínea primeira do artigo 24, ademais do correspondente nomeamento, o cumprimento sucesivo do requisito establecido na letra d) do artigo 60 e a correspondente toma de posesión."

Emenda nº11, ao apartado Sete.I, de Modificación. Artigo 6



Modificación do artigo 6. Sete. I. primeiro parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"I. Nas convocatorias de probas selectivas para o acceso a función pública, con excepción de aqueles procesos que teñan por obxecto a estabilización e a consolidación do emprego temporal, un mínimo dun cincuenta por cento das prazas convocadas reservarase para persoal funcionario pertencente a outros corpos ou escalas que reúna os seguintes requisitos:"

Emenda nº12, ao apartado Sete bis), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo apartado Sete bis) ao Artigo 6.

"Artigo 6. Sete. bis). Modifícase o número 2 do Artigo 80, que quedará redactado como sigue:

Asi mesmo, o persoal funcionario dos corpos e escalas do subgrupo de clasificación profesional C1 poderán participar nos procesos de promoción interna para o acceso aos corpos e escalas do grupo A sen necesidade de pasar polo subgrupo A2 de acordo coa regulación establecida no artigo 18 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, en relación coa promoción interna."

Emenda nº13, ao apartado Sete ter), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. Sete. ter).

"Artigo 6. Sete. ter), Engadese un novo punto 6 ao Artigo 80, que quedará redactado como sigue:

6. Promoción Interna temporal.

Por necesidades do servizo e nos supostos e baixo os requisitos que aos efectos se establezan, poderase ofrecer ao persoal funcionario de carreira o temporal, e con carácter voluntario, de funcións correspondentes a nomeamentos dunha categoría do mesmo nivel de titulación ou de nivel superior, sempre que ostente a titulación correspondente. Estes procedementos serán obxecto de negociación en las mesas correspondentes.



Durante o tempo en que realice funcións en promoción interna temporal, o interesado manterase en servizo activo na súa categoría de orixe, e percibirá as retribucións correspondentes ás funcións efectivamente desempeñadas, con excepción dos trienios, que serán as correspondentes ao seu nomeamento orixinal.

O exercicio de funcións en promoción interna temporal no supoñerá a consolidación de ningún dereito de carácter retributivo ou en relación coa obtención de novo nomeamento."

Emenda nº14, ao apartado Oito, de Modificación. Artigo 6

Modificación do Artigo 6. Oito.

".2. O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira do presente lei e a normativa de desenvolvemento do mesma, poderá participar nos concursos ordinarios regulados neste artigo dende o momento da adquisición da condición de persoal funcionario de carreira, sempre que tivese unha antigüidade mínima de dous anos na categoría profesional equivalente ao corpo ou escala no que se realizou a súa funcionarización."

Emenda nº15, ao apartado Nove, de Modificación. Artigo 6

Modifícase o artigo 6. Nove.2.

"2.2 Traslado regulado neste artigo, de carácter voluntario, levarase a cabo mediante comisión de servizos, que terá unha duración dun ano, prorrogable de forma excepcional e acoutada a programas específicos, por outro no caso de que se manteñan as necesidades de servizo ou funcionais."

Emenda nº16, ao apartado Dez, de Modificación. Artigo 6



Modifícase o artigo 6. Dez.

"3. O posto de traballo asignado nesta situación terán carácter definitivo se así o desexa a persoa afectada .Así mesmo, regulamentariamente determinaranse as condicións do traslado previsto neste artigo.

Unha vez publicada esta norma terá carácter retroactivo para as persoas que con anterioridade atopábanse nesta situación."

Emenda nº17, ao apartado Dez bis), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. Dez bis).

"Dez. bis) Modifícase o número 2 a) do artigo 106, que quedará redactado co seguinte contido:

a) Por razóns de garda legal, cando se exerza o coidado directo dalgún menor de catorce anos, dunha persoa maior que requira especial dedicación ou dunha persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída, concederase unha redución por horas completas da xornada de traballo diaria, co límite que se determine regulamentariamente."

Emenda nº18, ao apartado Dez ter), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. Dez. ter).

"Dez. ter) Modifícase o número 5 do Artigo 106, que quedará redactado co seguinte contido:

5. O persoal funcionario con fillos ou persoas acollidas menores de catorce anos ao seu cargo ou con familiares conviventes que, por enfermidade ou avanzada idade, necesiten a asistencia doutros persoas ten dereito a flexibilización da xornada de traballo dentro dun horario diario de referencia nos termos que regulamentariamente se determinen."



Emenda nº19, ao apartado Once bis), de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. Once bis).

"Once. bis) Modifícase o número 1. do Artigo 124, que quedará redactado co seguinte contido:

1. Nos casos de nacemento, acollemento, garda con fins de adopción, acollemento ou adopción dun fillo, o persoal funcionario que non estea a gozar do permiso por parto ou por adopción ou acollemento previsto nesta lei ten dereito a un permiso retribuído de vinte dúas semanas das cales as se/s semanas inmediatas posteriores ao feito causante será en todo caso de descanso obrigatorio. Este permiso ampliarase en dúas semanas máis, unha para cada un dos proxenitores, no suposto de discapacidade do fillo e filla, e por cada fillo ou filla a partir do segundo nos supostos de nacemento, adopción, gardo ou acollemento múltiples, a desfrutar a partir da data do nacemento, ou da decisión administrativa de acollemento ou de garda con fins de adopción ou da resolución xudicial polo que se constitúa a adopción. "

Emenda nº20, ao apartado Quince bis), de Adición. Artigo 6

Adición Artigo 6 de creación dunha nova Disposición Adicional Oitava.

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
			Policía e vixilancia da legalidade e a defensa do dominio público e afección das estradas, así como do cumprimento do conxunto de normas e medidas que perseguen a súa protección defensa, explotación e conservación, formulando as denuncias, informes, esbozos ou formularios que procedan no seu ámbito de actuación	
			Colaborar cos Axentes de	



AXENTES DE POLICÍA DEMANIAL	ESTRADAS	C2	inspección de estradas nas súas funcións propias. Sinalizar os accidentes de circulación que presenté, e colaborar e comunicar a súa situación aos servizos de emerxencia pertinentes, así como aos seus superiores. Colaborar nas tarefas de campo ou operativas que poidan ser asignadas a consellería competente en materia de obras públicas, segundo o recollido na lexislación de protección civil e seguridade viaria. Atender ao cumprimento da normativa vixente referente a mellora da seguridade viaria, o medio ambiente e a seguridade e prevención de riscos laborais, no relativo a explotación de estradas. Coidar dos medios materiais que se poñan a súa disposición e informar ao seu inmediato superior de calquera anomalía ou dano. Cantas outras tarefas compatibles co seu nivel de coñecemento e que estean relacionadas coas funcións arriba indicadas.	GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE
ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIONES Denuncia de calquera anomalía	TITULACIÓN



AXENTES POLICÍA DEMANIAL	DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C2	o infracción relativa ao dominio público hidráulico ou as súas zonas de protección. Vixiancia daquelas actividades susceptibles de provocar vertidos no dominio público hidráulico ou no mar dende a terra mediante o acceso aos puntos que se presuman contaminados, tomando a correspondente mostra segundo o protocolo de “toma de mostras” Vixiancia de tramos de ríos para localizar áreas que requiran limpeza de vexetación, obstrucións, localizacións de vertidos e tarefas semellantes. Elaboración de partes de servizo, boletíns de denuncia, informes e demais documentos relacionados coas súas funcións. Colaborar nas tarefas de campo ou operativas que	GRADUADO EN ESO OU EQUIVALENTE
--------------------------------	----------------------------------	----	---	--------------------------------------



			poidan ser asignadas a consellería competente en materia de obras públicas, segundo o recollido na lexislación de protección civil e seguridade viaria. Atender ao cumprimento da normativa vixente referente a seguridade e prevención dos riscos laborais, no seu ámbito de actuación. Coidar dos medios materiais que se poñan a súa disposición e informar ao seu inmediato superior de calquera anomalía ou dano. Cantas outras tarefas compatibles co seu nivel de coñecemento e que estean relacionadas coas funcións arriba indicadas.	
--	--	--	--	--



* Proponemos a creación da seguinte escala no **corpo administrativo**:

ESCALA	ESPECIALIDAD E	SUBGRUPO	FUNCIÓN	TITULACIÓN
ESCALA TÉCNICA DE GOBERNANTIA	GOBERNANTES E SUBGOBERNAN TES	C1	Organización, distribución e coordinación de todo o persoal adscrito ao seu ámbito de competencia, cuidando que o persoal ao seu cargo cumpra co seu labor profesional. Vixiando así mesmo a hixiene e uniformidade do mesmo. Vixiancia e conservación do mobiliario, lencería, enseres e menaxe, así como o bo uso e economía de materiais, utensilios e maquinaria ao seu cargo, procedendo o recuento e inventario do mesmo. En coordinación co departamento de cociña, responsabilizarse da boa marcha do servizo de comedor,	TÉCNICO SUPERIOR DE ALOXAMENTO OU EQUIVALENTES



			distribución de comidas, control de reximes servizos especiais montaxe e limpeza e retirada do servizo. En coordinación co persoal de enfermería e contando co persoal ten adscrito, control do bo estado dos alimentos que os residentes manteñan nas habitacións. Nos centros nos que o servizo de comedor se realice mediante concerto con terceiros, colaboración na confección dos menús e supervisión das condicións sanitarias das dependencias e alimentos servidas. SI por necesidades perentorias ou imprevisibles, e normal actividade do centro o requira,	
--	--	--	--	--



			colaboran nas tarefas propias do persoal das súas ordes.	
--	--	--	--	--

Emenda nº21, ao apartado Dezaseis bis).Un, de Adición.
Artigo 6

Adición ao artigo 6. Dezaseis. bis) Un. dunha nova Disposición adicional Novena

"Dezaseis. bis) Un. Disposición Adicional novena bis, que quedará redactada co seguinte contido:

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN.
Escala técnica e facultativa do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais.	Bombeiro forestal xefe de Brigada	B	- Coordinación e dirección do persoal e medios encomendados para previr, combates e extinguir os Incendios de natureza forestal, así como a vixilancia e supervisión das labores de prevención.	Técnico superior en Gestión Forestal e do Medio Natural ou equivalente e carné autorealización ou licenza que sexa necesaria para o manexo dos vehículos.
			-Coordinación e apoio en competencias e situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais. -Colaboración coas persoas responsables do	



			Servizo de Protección Civil no amparo das persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais. -Condución de vehículos do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais.	
--	--	--	--	--

Emenda nº22, ao apartado Dezaseis bis).dous, de Adición.
Artigo 6

Adición ao Artigo 6 dunha nova disposición adicional novena
Dezaseis bis) Dous, que quedará redactada co seguinte
contido:

"Dezaseis. bis) Dous.

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
Escala técnica facultativa do servizo de prevención e defensa contra incendios Forestais	Bombeiro Forestal Xefe Brigada	B	Coordinación e prevención do persoal e os medios encomendados para previr, combater e extinguir os incendios de natureza forestal, así como a vixilancia e supervisión das labores de prevención.	Técnico superior en xestión forestal e do Medio Natural ou equivalente e carné autorización ou licenza que sexa necesaria para o manexo dos vehículos.



			-Coordinación e apoio en continxencias e situacións de emerxencias nas áreas rurais e forestais. - Colaboración coas persoas responsables do Servizo de protección civil no amparo das persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais. -Condución de vehículos do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais	
--	--	--	---	--

Emenda nº23, ao apartado Dezaseis bis).Tres, de Adición.
Artigo 6

Adición ao Artigo 6. dunha nova Disposición adicional novena.
Dezaeis. bis) Tres, que qudará redactada co seguinte contido:

"Dezasseis. bis) Tres.

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓN
Escala técnica operativa do Servizo de Prevención e defensa contra Incendios	Bombeiro forestal, xefe de Brigada	C1	Coordinación e dirección dos bombeiros forestais ao seu cargo para previr, combater e extinguir incendios de natureza forestal, así como vixianza e mantemento dos labores de prevención, coordinación en	Técnico especialidade forestal e Medioambiental e/ou equivalente e carné, autorización ou licencia que sexa necesario para o manexo dos



			situacións de emerxencia nas áreas rurais e forestais e colaboración cos responsables dos servizos de protección civil ao amparo de persoas e bens ante a incidencia dos incendios forestais -Condución de vehículos do Servizo de Prevención e defensa contra incendios forestais.	vehículos.
--	--	--	---	------------

Emenda nº24, ao apartado Dezaseis bis).Catro, de Adición.
Artigo 6

Adición ao artigo 6. dunha nova Disposición adicional novena.
Dezaseis. bis) Catro que quedará redactada co seguinte contido:

"Dezaseis. bis) Catro.

ESCALA	ESPECIALIDADE	SUBGRUPO	FUNCIÓNS	TITULACIÓNS
Escala de axudantes técnicos educativos (grupo III-cat.99)		B ou C	Prestación de servizos complementarios para a asistencia das persoas con necesidades especiais: transporte,limpeza ,aseo, comedor, colaboración na vixilancia e análogos. Colaboración na inserción na actividade social e laboral das persoas con	Ciclo superior de Integración Social. Periodo transitorio: Bacharelato ou equivalente ou os requisitos esixidos nas listas para as súas contratación ou para os procesos selectivos superados.



			necesidades especiais. Colaboración na realización de tarefas elementais que completen os servizos especializados, en orde a propiciar a autonomía persoal e a formación das persoas con necesidades especiais. Realización de cambios posturais. As recollidas nas sentenzas xudiciais de reclasificación.	
--	--	--	--	--

Emenda nº25, ao apartado Dezaseis bis).Cinco, de Adición.
Artigo 6

Adición ao artigo 6. dunha nova disposición adicional Dezaseis.
bis) Cinco, que quedará redactada co seguinte contido:

"Dezaseis. bis) Cinco. Na escala de enxeñeiros debe crearse a
especialidade de enxeñería informática."

Emenda nº26, ao apartado Dezaseis bis).Seis, de Adición.
Artigo 6

Adición ao Artigo 6 dunha nova disposición adicional novena.
Dezaseis. bis) Seis, que quedará redactada co seguinte
contido:

"Dezaseis septies) Seis. No corpo de axudantes de carácter
facultativo, na escala técnica de



mantemento e servizos modificar a titulación esixida nos seguintes termos: Título de técnico na rama de instalación e mantemento o na rama de electricidade e electrónica ou ciclo superior en automoción ou FP2 en mecánica e electricidade do automóbil."

Emenda nº27, ao apartado Dezasete, de Supresión. Artigo 6

Supresión artigo 6. Dezasete.

Debe suprimirse.

Emenda nº28, ao apartado Dezasete bis).Un, de Adición. Artigo 6

Adición ao artigo 6. Dezasete. bis) Un, Disposición Adicional novena, que quedará redactada co seguinte contido:

"Dezasete bis) Un. No corpo facultativo superior dentro da escala de facultativos a especialidade de inclusión sociolaboral ou intervención sociocomunitaria e na mesma disposición pero no corpo facultativo de grao media dentro da escala técnica de facultativos crear a mesma especialidade."

Emenda nº29, ao apartado Dezasete bis).Dous, de Adición. Artigo 6

Adiciónao artigo 6. Dezasete. bis) Dous. Disposición adicional novena, que quedará redactada co seguinte contido:

"Dezasete. bis) Dous.

Na escala de axentes técnicos facultativos, na especialidade de animación sociocultural (grupo B), permitir a funcionarización dese colectivo no C1, ou habilitar por parte da Administración os mecanismos para que estes traballadores podan acceder á titulación esixida para o ingreso na escala."

Emenda nº30, ao apartado Dezasete ter), de Adición. Artigo 6



Adición artigo 9. Dezasete. Ter). Disposición adicional novena.

"Dezasete. Ter)

1. O persoal laboral fixo das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei que, no momento da entrada en vigor do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, estea a realizar funcións ou desempeñe postos de traballo de persoal funcionario, ou pase a realizar as devanditas funcións ou a desempeñar os devanditos postos en virtude de probas de selección Ou promoción interna convocados antes da data sinalada, poderá seguir a realizalos ou a desempeñalas.

2. O Consello da Xunta de Galicia establecerá, a través das relacións de postos de traballo, a valoración, clasificación e determinación dos postos de traballo afectados por esta disposición na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e nas entidades públicas instrumentais do sector público autonómico

3. O persoal laboral fixo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia comprendido no apartado primeiro desta disposición poderá participar nun proceso selectivo de promoción interna que se convocará polo sistema de concurso-oposición, de forma independente aos procesos selectivos de libre concorrência, en cada un dos corpos ou escalas de persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia aos que figuren adscritas as funcións que realice ou os postos que desempeñe, sempre que posúa a titulación necesaria e reúna os restantes requisitos esixidos, valorándose para estes efectos como mérito os servizos efectivos prestados como persoal laboral fixo e os probas selectivos superadas para acceder a esta condición.

O persoal laboral fixo que posúe dita condición no momento da entrada en vigor do texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e adquire posteriormente outra categoría profesional como persoal laboral fixo polo procedemento de promoción interna, poderá participar no proceso a que se refire o parágrafo anterior desde esta última categoría profesional."

Emenda nº31, ao apartado Vinte, de Modificación. Artigo 6



Nodificación do Artigo 6. Vinte. demodificación á letra f) donúmero 1 da Dipsociión Transitoria oitava, que quedará redactada co seguinte contido:

"f) O persoal funcionario de novo Ingreso, comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel básico do seu corpo ou escala, con independencia do nivel do posto de traballo que pose a desempeñar. O persoal que adquiriu a condición de persoal funcionario de carreira ao abeiro da disposición transitoria primeira da presente lei e a normativo de desenvolvemento da mesma comezará a consolidar o grao correspondente ao nivel no que estea clasificado o posto de traballo que desempeña como persoal funcionario de carreira."

Emenda nº32, ao apartado Vinte e dous, de Modificación. Artigo 6

Modificación do artigo 6. vinte e dous. ao número 4. da Dipsociión Transitoria oitava, que quedará redactada co seguinte contido:

"4. Sen prexuízo do establecido no número 3 desta disposición e en tanta non se implante o sistema de carreira profesional establecido no artigo 77, establecerase un sistema transitorio de recoñecemento da progresión na carreira administrativa, complementario ao do grao persoal previsto nesta disposición, que permita ao persoal funcionario do Administración da Xunta de Galicia progresar de xaneiro voluntaria e individualizada e que promova a súa actualización e o perfeccionamento da súa cualificación profesional."

Emenda nº33, ao apartado vinte dous bis), de Adición. Artigo 6

Adción ao artigo 6. vinte dous. bis), de adición dunha nova Disposición transitoria decimosexta, que quedará redactada co seguinte contido:

"Vinte dous bis) Disposición Transitoria Decimosexta.: Medidas especiais en materia de listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino durante o ano 2022.



Como consecuencia da escaseza de persoal de perfil sanitario agravado pola situación de emerxencia sanitaria no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia derivada da pandemia da covid-19, e para garantir a dispoñibilidade do dito persoal nas listas de contratación de persoal laboral temporal ou de persoal funcionario interino, adóptanse as seguintes medidas.

1. No suposto de non existiren aspirantes nas listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nos categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II e 3 do grupo IV, do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia ou, de ser o caso, para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes ás categorías profesionais indicadas, poderá:

- acudir á relación de penalizadas da categoría profesional, corpo ou escala correspondente que solicitaron a reincorporación; ou,
- acudir aos integrantes das listas que solicitaron a inclusión durante o ano en curso, no caso de que non estean publicadas as listas definitivas e lles corresponda ser admitidos; ou,
- acudir á relación de penalizados que non solicitaron a reincorporación.
- acudir, excepcionalmente, ao Servicio Público de Emprego.

Ademais, en postos pertencentes ó categoría profesional de auxiliar de clínica, poderase acudir a persoal doutras listas de contratación temporal do grupo IV que estean en posesión do título de formación profesional de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermería ou equivalente.

Excepcionalmente, no caso de que non for posible a cobertura de postos da categoría profesional de auxiliar de clínica polos procedementos previstos nos parágrafos anteriores, poderán seleccionarse candidatos que teñan cursados e superados os estudos correspondentes para a obtención do título de grao medio de técnico en coidados auxiliares de enfermaría ou equivalente, e o acrediten documentalmente, sempre que compran o resto dos requisitos exixidos para a acceso á categoría ou escala.

2. Cando pola inexistencia de persoal integrante das listas para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia, nas categorías profesionais 2 do grupo I, 2 do grupo II, e 3 do grupo IV, ou para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a



persoal funcionario de corpos ou escalas equivalentes, non existan candidatos que estean en posesión do certificado acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega correspondente, poderán ser seleccionados candidatos que carezan del, sempre que cumpran os restantes requisitos exixidos para o acceso d categoría de que se trate, e demostren o coñecemento da lingua galega por medio das probas que regulamentariamente se determinen.

3. O período de penalización nas listas para o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunto de Galicia terá unha duración de seis meses.

4. A solicitude de reincorporación formulada palas persoas Integrantes das listas que solicitasen previamente a suspensión das citacións, por non estaren prestando servimos a través delas, producirá efectos ao día seguinte da súa presentación.

5. O establecido nesta disposición ten vivencia limitada a ano 2022."

Emenda nº34, ao apartado vinte e dous ter), de Adición. Artigo 6

Adición ao artigo 6. vinte e dous. ter) de adición dunha nova disposición transitoria décimo sétima, que quedará redactada co seguinte contido:

"Vinte e dous ter) Disposición Transitoria Decimo sétima, quedando redactada da seguinte forma:

No primeiro trimestre de 2022 tramitarase un sistema excepcional e transitorio de solicitude de encadramento para o acceso ao Grao I extraordinario do persoal funcionario de carreira e o persoal laboral tiro que non tivese cumprido os requisitos os día 31 de decembro de 2018 para acceder ao grao I extraordinario establecido no punto terceiro, da sección segunda da orde do 15 de xaneiro de 2019 pola que se publica o acordo de concertación do emprego público de Galicia, pero que si cumpran eses requisitos o día 31 de decembro de 2019.



Igual medida se aplicará ao persoal funcionario interino e persoal laboral temporal que en 31 de decembro de 2019 acredite ter unha antigüidade de 5 anos na categoría desde a que solicita o complemento equivalente de carreira.

As contas económicas serán as que lles correspondan segundo están establecidas para os grupos e subgrupos de pertenza segundo a periodización establecida no acordo de concertación e con efectos de 1 de xaneiro de 2Q21.

Para os anos posteriores ao 2020, o persoal funcionario de carreira, persoal laboral fixo que opte por funcionarizarse, o persoal funcionario interino e o persoal laboral temporal poderá solicitar o recoñecemento do Grao I do sistema de carreira profesional no momento no que acredite que cumpre os requisitos e un dos criterios de avaliación establecidos, producíndose os efectos económicos ao mes seguinte ao do recoñecemento."

Emenda nº35, ao apartado vinte e dous quater).Un, de Adición.
Artigo 6

Adición ao artigo 6, Vinte e dous. quater) Un, dunha nova Disposición Transitoria décima oitava., que quedará redacta co seguinte contido:

"Vinte e dous. quater) Un. . Deposición transitoria décima oitava.que contemple a posibilidade de naquelas escalas, especialidades e categorías con dificultades evidentes de efectivos nas súas listaxes, cun novo sistema que permita a súa cobertura.

É cuestión contrastable a dificultade que supuxo de xeito recorrente e segue a supoñer para a Administración proceder a cubrir determinados de traballo, sobre todo de aquelas especialidades de contido competencial sanitario e sociosanitario. Por este motivo, consideramos que a norma debe xerar a capacidade da Administración de poder rematar esta situación.

Ata o momento actual a situación viña sendo paliada, no ámbito laboral, a través da aplicación do artigo IS do VCCU que faculta a cobertura de postos en adscrición por superior categoría. Esta situación verase imposibilitada coa



funcionarización dos efectivos, en tanto que seralles de aplicación a normativa de persoal funcionario (que non contempla esta forma de cobertura de postos), motivo este polo que se propón a redacción dunha disposición adicional que faculta a creación dunha listaxe de ámbito funcional que permita á administración a posibilidade de cobertura dos postos con dificultade para o mesmo por carecer as listas de persoas candidatas.

A dita listaxe debe contemplar a posibilidade daquelas persoas que estando en posesión de titulación requirida para o exercicio da especialidade obxecto de necesidade, lles permita proceder á cobertura de xeito temporal e por similitude ao preceptuado no artigo 100.2 cunha duración de 6 meses, prorrogables excepcionalmente por outros 6 no caso de que se manteñan as necesidades dese servizo ou funcionais."

Emenda nº36, ao apartado vinte e dous quinquies).Un, de Adición. Artigo 6

Adición ao artigo 6. vinte e dous. quinquies Un, número 5. á Dipsoición derogatoria, que quedará redactado co seguinte contido:

"Vinte e dous. quinquies) Un. número 5 da disposición derogatoria.

5. O Corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial, Grupo B dos grupos de clasificación dos corpos e escalas do persoal funcionario da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, entrará en vigor cando se produza o desenvolvemento regulamentario polo Estado do devandito Grupo.

Por conseguinte e mentres non se leve a cabo ese desenvolvemento regulamentario do Grupo B, todas as referencias relativas ao mesmo, a efectos de convocatorias de procesos selectivos e a efectos da súa incorporación á Administración deberán entenderse producidas no subgrupo de clasificación C1."



Emenda nº37, ao apartado vinte e dous quinquies).Dous, de Adición. Artigo 6

Adición ao artigo 6. vinte e dous. sexies) Dous, ó número 6 á Disposición derogatoria, que quedará redactada co seguinte contido:

"Vinte dous. sexies) Dous. número 6 á disposición derogatoria. 6. No momento en que se desenvolva o grupo B, o persoal que teña a correspo"ndente titulación que se requira para o seu acceso, integrárase por decreto no mesmo, a tódolos efectos."

Emenda nº38, de Adición. Artigo 6

Adición dun novo artigo 6. bis) que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 6. bis) . Derrogación da Lei 1/2012, de 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, en particular o art.6 para acadar así a reposición do articulado restritivo en 24 dereitos dos empregados e empregadas públicas, sinaladamente no relativo á compensación de xornadas de domingos e festivos e días especiais, 24 e 31 de decembro."

Emenda nº39, ao apartado Un, de Supresión. Artigo 11

Supresión do artigo 11.Un

Debe suprimirse.

Emenda nº40, ao apartado Un.1, de Modificación. Artigo 12

Modifícase o artigo 12. Un 1.

"1. En situacións xurídicas de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da Comunidade de veciños titular do monte, e ata que, no seu caso, se reconstitúa a comunidade, a defensa dos seus intereses e a xestión cautelar do monte



corresponderán á consellería competente en materia de montes que actuará como titular provisional do aproveitamento do monte en beneficio da comunidade."

Emenda nº41, ao apartado Un.2, de Supresión. Artigo 12

Supresión do artigo 12. Un. 2.

Debe suprimirse.

Emenda nº42, ao apartado Un .4, de Modificación. Artigo 12

Modifiación do artigo 12. Un. 4.

"4. A xestión cautelar implicará a obrigação de un instrumento de ordenación, que deberá ser aprobado polo órgano forestal ou subscribir un contrato temporal de xestión pública co devandito órgano."

Emenda nº43, ao apartado Dous.1. , de Modificación. Artigo 12

Modifícase o artigo 12. Dous 1.

"1. Nos casos de inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños a dirección xeral competente en materia de montes comunicará dita inexistencia, extinción ou desaparición ao concello onde radique o monte, ou se o monte se atopase situado no territorio de máis dun concello, comunicarao ao concello en que se sitúe a maior superficie do monte.

O monte será xestionado preventivamente pola consellería competente en materia de montes ata que se reconstitúa a comunidade e se cumpran os requisitos para o reinicio da actividade previstos no punto 4 deste artigo, sempre respectando o estipulado no contrato de xestión pública que, de ser o caso, se formalizase e de conformidade coa normativa vixente."



Emenda nº44, ao apartado Dous.4., de Modificación. Artigo 12

Modificación do Artigo 12. Dous. 4.

"4. Para o exercicio da xestión cautelar a consellería competente en materia de montes mentres non elabore e aprobe o proxecto de ordenación xestionará o monte de acordo cos modelos de xestión que mellor se axusten ás características do monte. Todos os gastos derivados da xestión cautelar do monte incorporaranse á contabilidade do monte."

Emenda nº45, ao apartado Tres .2, de Adición. Artigo 12

Engadir un novo parágrafo ao final do primeiro parágrafo do punto 2., que quedará redactado co seguinte texto:

"A declaración en estado de grave abandono ou degradación implicará a execución dun instrumento de ordenación."

Emenda nº46, ao apartado Catro .c), de Modificación. Artigo 12

Modificación do artigo 12. Catro. c)

Onde di: "... ordenación ou xestión forestal e este...", debe dicir: "... ordenación e este...."

Emenda nº47, ao apartado Cinco.2, de Modificación. Artigo 12

Modificación do artigo 12.Cinco. 2.

"Onde di: ".... ordenación ou xestión forestal para a ...", debe dicir: "::: ordenación para a"

Emenda nº48, ao apartado Un.4, de Modificación. Artigo 14

Modifícase o artigo 14. Un. 4.

Onde di: "... forestal que autorice...", debe dicir: "... forestal publicada no DOG que autorice..."



Emenda nº49, ao apartado Dous.b), de Modificación. Artigo 14

Modifícase o artigo 14. Dous "b)

debe suprimirse: "...ou en situación xurídica de pendencia por inexistencia, extinción ou desaparición da comunidade de veciños titular do monte."

Emenda nº50, ao apartado Tres.g), de Modificación. Artigo 14

Debe modificarse o artigo 14. Tres. g).

"g) Propietarios de montes ou terreos forestais nos que se manifeste un interese público atendendo á existencia neles de infraestruturas e instalacións forestais ou masas e formacións forestais de especial interese polos seus valores especiais de conservación da biodiversidade e hábitats, ao seu uso público e/ou outras circunstancias que se determinen regulamentariamente."

Emenda nº51, ao apartado Dous, de Modificación. Artigo 28

Modificación do artigo 28. Dous.

Onde di: "... con efectos económicos a partir do curso escolar 2022/2023, estenderase...", debe dicir: "... con efectos económicos a partir do 1 de xaneiro do ano 2022, estenderase..."

Emenda nº52, ao apartado Dous , de Modificación. Artigo 38

Modificación do Artigo 38. Dous, parágrafo segundo, que quedará redactado co seguinte contido:

"Estes requisitos de distancias serán aplicables a todos os parques eólicos que se constrúan no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, dende a entrada en vigor da Lei de xx/2021 de medidas fiscais e administrativas ata o fin da



moratoria establecida na na disposición adicional sexta da Lei 8/2009.""

Emenda nº53, ao apartado Tres.1, de Modificación. Artigo 38

Modificación do Artigo 38. Tres. 1. primeiro parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Atendendo ao número dos proxectos de parques eólicos admitidos e actualmente en tramitación e á cifra de MW prevista nestes proxectos, e co obxecto de procurar unha ordenación racional do sector, durante o prazo de 18 meses dende a entrada en vigor da Lei xx/2021, de medidas fiscais e administrativas, non se admitirán a trámite novas solicitudes de parques eólicos. Durante esta moratoria de 18 meses se modificará o Plan Sectorial Eólico de Galicia en diálogo cos axentes do sector para determinar as distancias dos aeroxeneradores aos diferentes tipos de solo existentes en Galicia."

Emenda nº54, ao apartado Catro.1, de Modificación. Artigo 38

Modificación do artigo 38. Catro. 1., que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás novas solicitudes e ás modificacións substanciais de proxectos que requiran unha nova tramitación ambiental, que se presenten con posterioridade á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas fiscais e administrativas e ata o fin da moratoria de 18 meses establecida por dita lei, que virá establecida pola modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia que se efectuará neste tempo."

Emenda nº55, ao apartado Catro.2, de Modificación. Artigo 38

Modificación do artigo 38. Catro 2. primeiro parágrafo, que quedará redactado co seguinte contido:



"2. Así mesmo, os requisitos de distancias a núcleos de poboación establecidos na disposición adicional quinta serán aplicables ás solicitudes de autorización de parques eólicos que se encontren pendentes de admisión á entrada en vigor da Lei XX/XX de medidas e que se presentaran despois do 20 de outubro de 2021 e ata o fin da moratoria de 18 meses establecida por dita lei, que virá establecida pola modificación do Plan Sectorial Eólico de Galicia que se efectuará neste tempo."

Emenda nº56, ao apartado Cinco, de Supresión. Artigo 38

Supresión do artigo 38. Cinco.

Debe supriirse.

Emenda nº57, ao apartado 40.Dous, de Supresión. Artigo 40

Supresión do artigo 40.Dous.

Debe suprimirse

Emenda nº58, ao apartado 40.Tres, de Supresión. Artigo 40

Supresión do artigo 40. Tres.

Debe suprimirse.

Emenda nº59, ao apartado 5, de Modificación. Artigo 41

Modificación do artigo 41.5, parágrafo segundo.

Onde di: "Así mesmo a Asesoría Xurídica Xeral, aínda que non estea formalizado o correspondente acordo de autoprovisión, prestará ...", debe dicir: "Así mesmo a Asesoría Xurídica Xeral, presentará.."





Emenda nº60, de Supresión. Artigo 42


Supresión do artigo 42.

Debe suprimirse.

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/11/2021 18:13:58





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

